



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Bioloxía

Curso Académico: 2018/2019

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	11
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	27
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	39
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	45
Directriz 6. Información pública	50
3. Plan de Melloras do centro	52
4. Modificacións nos diferentes títulos	78
5. Listaxe de evidencias e indicadores	79

1. Introducción

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

Foi creada en 1977 ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77) e na actualidade as súas dependencias están localizadas no edificio da Facultade de Bioloxía e no Centro de Investigacións Biolóxicas da USC (CIBUS) que está vinculado parcialmente a ela e localizado ao seu carón, no Campus Vida. Nestes edificios, ademais das aulas, laboratorios e biblioteca, ofrécense espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de graos, salas de conferencias, salón de actos e cafetería. Dispón doutras importantes instalacións para a investigación e docencia como son os invernadoiros e o acuario. Deste xeito, constitúese unha contorna na que se promove a formación universitaria integral.

De acordo co proceso PE-02 *Revisión e Mellora* do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do SGC da Facultade e do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos e coordinados polo centro. A Memoria de Calidade tamén recolle o Plan de Melloras Anual, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para logralos; así como a información sobre as modificacións introducidas nos títulos e a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e/ou externo. De maneira que atinxe a todas as titulacións impartidas e coordinadas polo centro, tanto de grao como de mestrado universitario, e a todas as persoas que desenvolven o seu traballo na Facultade: alumnado de grao e máster, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Titulacións impartidas

Na Facultade de Bioloxía, no curso 2018/19 (obxecto desta memoria) impartíronse as seguintes titulacións:

- Grao en Bioloxía (GB). Código RUCT 5600116; código USC G1021
- Grao en Biotecnoloxía (GBT). Código RUCT 2503766; código USC G1051
- Dobre Grao en Química e Bioloxía (DGQB). Código USC G6051
- Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed.) (MA). Código RUCT 5311920; Código USC P1073
- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión (MBio). Código RUCT 4313638; Código USC P1241
- Máster Universitario en Neurociencia (2º ed.) (MN). Código RUCT 5310595; Código USC P2012
- Máster Universitario en Bioloxía Mariña (MBM). Código RUCT 5600116; Código USC P1171

Os títulos de máster son interuniversitarios, participando neles as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Os Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e o Máster Universitario en Neurociencia están coordinados pola Universidade de Santiago de Compostela e o Máster Universitario en Bioloxía Mariña pola Universidade de Vigo. O Dobre Grao en Química e Bioloxía está coordinado pola Facultade de Químicas da USC.

Persoal

O número de estudantes matriculados en cada unha das titulacións e o número de profesores/as que impartiron docencia nelas no curso 2018/19, preséntase a continuación:

- Grao en Bioloxía: foi cursado por 592 estudantes e a docencia foi impartida por 129 profesores/as, nos que se inclúen 12 contratados posdoutorais e 23 predoutorais.
- Grao en Biotecnoloxía: cursado por 50 alumnos/as de primeiro curso e a docencia impartida por 25 profesores/as, nos que se inclúen 1 contratado posdoutoral e 4 predoutorais.
- Dobre Grao en Química e Bioloxía: cursado por 61 estudantes, e coordinado pola Facultade de Químicas da USC.
- Máster Universitario en Acuicultura: cursado por 52 alumnos (28 de 2º, do bienio 17/19; 24 de 1º, do bienio 18/20) e impartido por 59 profesores das tres universidades (18 da USC, 17 da UVigo, 9 da UDC) e 15 externos (dos centros colaboradores, expertos no cultivo de especies animais).
- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: foi cursado por 28 estudantes (10 matriculados na USC, 10 na UVigo e 8 na UDC) e a docencia foi impartida por 83 profesores/as das tres universidades do SUG, nos que se inclúen 12 investigadores/as posdoutorais correspondentes a diferentes programas.
- Máster Universitario en Neurociencia: no curso 2018/19, a matrícula foi de 36 alumnos/as, dos que 30 foron de primeira matrícula (21 na USC, 3 na UDC e 6 na UVigo). Participaron na docencia 66 profesores/as (10 da UDC, 7 da UVigo e 49 da USC), nos que se inclúen 1 profesor emérito, 4 profesionais de área externa e 2 contratados/as posdoutorais.
- Máster Universitario en Bioloxía Mariña, está coordinado pola Universidade de Vigo que é a que realiza o seu seguimento.

En canto ao persoal de administración e servizos, no curso 2018/19 desenvolveron as súas funcións na Facultade de Bioloxía e no edificio CIBUS un total de 26 traballadores, dos que 9 corresponden a área de administración (xestión do centro, asuntos económicos e apoio aos departamentos), 6 ao persoal da biblioteca, 5 a área de conserxería e 6 ao persoal técnico de investigación (no acuario e en distintos departamentos do centro).

Documentación de referencia

Como documentación de referencia, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a correspondente ao [SGC da Facultade de Bioloxía](#) (Manual do SGC, Manual de Procesos e Protocolos), considérase a documentación que se inclúe a continuación:

- [Memoria do Grao en Bioloxía da USC](#)
- [Memoria do Grao en Biotecnoloxía da USC](#)
- Memoria do Dobre Grao en Química e Bioloxía
- [Memoria do Máster Universitario en Acuicultura \(3ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Neurociencia \(2ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#)
- [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) da Facultade de Bioloxía](#)
- RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Bioloxía

- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

Os órganos de goberno que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son tanto unipersonais (Vicedecana responsable de Calidade, Coordinadora de Calidade e Coordinadores dos Títulos) como colexiados. Dentro destes últimos están:

- Equipo Decanal
- Comisións de Título
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do SGC e no RRI da Facultade de Bioloxía. A composición da Comisión de Calidade pode consultarse na páxina web da Facultade de Bioloxía.

No nivel máis elevado está a Xunta de Facultade que é o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A implantación do SGC da Facultade de Bioloxía foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) en xuño de 2018 e o Centro recibiu a Acreditación Institucional pola Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades en xaneiro de 2019.

As Comisión de Título do Grao en Bioloxía e do Grao en Biotecnoloxía foron constituídas en decembro de 2018, como consecuencia da certificación do SGC da Facultade de Bioloxía pola ACSUG. Ata ese momento as labores de seguimento dos títulos de grao eran lavadas a cabo pola Comisión de Docencia.

A Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2018/19, foi elaborada de acordo co procedemento establecido no SGC do centro (PE-02 *Revisión e mellora*). As Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos, así como as propostas de accións de mellora, despois da análise dos distintos informes e indicadores suministrados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC e dos protocolos propios da Facultade de Bioloxía.

O documento final foi aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o día 01/07/2020, revisada pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC para a súa avaliación técnica (informe favorable con data 16/07/2020) e presentada en Xunta de Facultade onde foi aprobada o 21/07/2020. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final (30/09/2020) e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

Addenda relativa a declaración do estado de alarma como consecuencia da pandemia pola COVID-19

A declaración do estado de alarma, o día 14 de marzo de 2020, provocou a suspensión das actividades presenciais na USC. Nese momento, as Comisións de Título xa tiñan aprobado, ou estaban a piques de facelo, as análises dos títulos para o curso 2018/19, e a Comisión de Calidade (27 de febreiro de 2020) xa aprobara a estrutura básica das accións de mellora para o curso 2019/20. Durante o confinamento continuouse a elaboración da Memoria de Calidade 2018/19, reformuláronse algunhas das accións de mellora para axustalas a nova situación e incluíronse outras desenvolvidas para facilitar a adaptación a esta situación.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

• Vixencia da Política de Calidade

A [Política de Calidade](#) da Facultade de Bioloxía mantense vixente e actualizada (novembro de 2018). Foi proposta polo equipo decanal e aprobada pola Xunta de Facultade; está accesible na web do centro para o coñecemento dos distintos grupos de interese e da sociedade en xeral.

A vixencia da política de calidade da Facultade de Bioloxía tamén se pon de evidencia pola **Certificación da Implantación** do seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) pola ACSUG en xuño de 2018, a **Acreditación Institucional** do Centro pola Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (resolución de 28 de xaneiro de 2019), e a obtención dun dos recoñecementos de **Boas Prácticas de Calidade** concedido pola USC ao centro na convocatoria de 2019. Concretamente a práctica premiada é o protocolo do SGC "Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente", e está recollido no repositorio de boas prácticas de calidade na páxina web da USC.

• Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro

A Facultade de Bioloxía conta cun [Plan Estratéxico](#) (PE) aprobado en 2017 e cunha vixencia de tres anos (2017-2020). De acordo co proceso PE-01 *Planificación estratéxica*, do SGC, a vixencia do Plan Estratéxico ten o mesmo horizonte temporal do Plan Estratéxico da USC (2020).

Nel inclúense a misión, a visión e os valores da política de calidade da Facultade de Bioloxía. En base ao mantemento

das forzas, a corrección das debilidades, a explotación das oportunidades e o afrontamento das ameazas, fórmulanse catro liñas estratéxicas centradas na calidade da docencia, calidade da investigación, o sistema de garantía de calidade (SGC) e as relacións coa sociedade. Para o desenvolvemento de cada unha das liñas estratéxicas estableceronse os obxectivos estratéxicos que se indican a continuación:

Liña estratéxica 1. Calidade da docencia:

- 1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro
- 1.2.- Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudantado
- 1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)
- 1.4.- Mellorar o rendemento dos estudantes
- 1.5.- Mellorar a formación docente dos profesores
- 1.6.- Docencia en inglés
- 1.7.- Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados

Liña estratéxica 2. Calidade da investigación:

- 2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas de investigación de uso común
- 2.2.- Apoiar aos grupos de investigación

Liña estratéxica. Sistema de Garantía de Calidade do Centro

- 3.1.- Fomentar a cultura de calidade no Centro

Liña estratéxica 4.- Relacións coa sociedade

- 4.1.- Mellorar a nosa imaxe e as relacións coa sociedade

O grao de cumprimento do plan estratéxico é elevado, axústandose ao calendario proposto.

Respecto á Liña estratéxica 1 (Calidade da docencia), destaca sobre todo a consecución do obxectivo estratéxico "1.2 Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudantado" xa que, no curso 2018/19, comenzaron a impartirse dúas novas titulacións, o título de Graduado/a en Biotecnoloxía e o de Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión e finalizáronse os traballos de redacción da modificación da memoria do título de Graduado/a en Bioloxía, que está en proceso de reverificación.

Na modificación da memoria de Graduado/a en Bioloxía incluíronse dúas mencións: Mención en Bioloxía Biosanitaria e Mención en Bioloxía Ambiental, o que supón unha vantaxe respecto dos outros títulos de Graduado/a en Bioloxía que se imparten no SUG. A proposta de modificación foi aprobada pola Xunta de Facultade o 15 de maio de 2019, ratificada polo Consello de Goberno (con data de 18 de xullo de 2019) e polo Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (con data de 29 de xullo de 2019) e informada favorablemente pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia (con data de 2 de outubro de 2019).

O inicio dos estudos de Graduado/a en Biotecnoloxía e o descenso no número de prazas nos de Graduado/a en Bioloxía, facilitou a atracción de novo alumnado con alto rendemento académico no bacharelato e nas probas da Avaliación do Bacharelato para o Acceso a Universidade (ABAU) (obxectivo estratéxico "1.3 Mellorar a atracción do talento"), o que fai que a porcentaxe de alumnos/as que elixen estas titulacións como a súa primeira opción sexa elevada. Isto facilita a mellora, entre outros, do rendemento do alumnado (obxectivo estratéxico "1.4 Mellorar o rendemento dos estudantes") e do descenso do abandono, que xa se está a ver nos resultados do título de Graduado/a en Bioloxía.

Tamén se conseguiu financiamento para abordar a mellora das infraestruturas docentes (Obxectivo estratéxico "1.1 Mellorar as infraestruturas docentes do Centro"), concretamente para acondicionar, amoblar e dotar de equipamento básico un laboratorio de prácticas (Laboratorio 12).

O grao de cumprimento da Liña estratéxica 2 (Calidade da investigación) tamén é bo, xa que estase a facer un esforzo importante no mantemento e mellora das instalacións comúns de investigación, como o acuario e o invernadoiro; e ofertáronse espazos dispoñibles no centro a distintos grupos de investigación.

Aínda que non obtivemos resposta dos órganos da universidade, en cumprimento das liñas de actuación marcadas, dende o centro solicitouse un cambio no marco normativo e legal que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación, de forma independente ás bolsas de colaboración.

Respecto á Liña estratéxica 3 (SGC do centro), a participación do centro no proceso de certificación institucional fixo que se incrementara, en gran medida, o coñecemento que sobre o SGC teñen as persoas que desenvolven as súas actividades no centro (PDI, PAS e alumnado). Aínda que é necesario seguir traballando, sobre todo, para mellorar a participación dos distintos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.

A Liña estratéxica 4 (Relacións coa Sociedade) é a de máis difícil cumprimento, debido a escasa proxección que teñen as actividades que se realizan nos centro universitarios sobre a poboación en xeral. Non obstante, o equipo decanal do centro e unha parte do profesorado participa no programa A Ponte da USC, mellorando a difusión das actividades docentes e investigadoras da Facultade de Bioloxía no profesorado e alumnado dos centro de ensinanza secundaria de Galicia. Ademais distintos departamentos da Facultade de Bioloxía acollen a un número importante de alumnos/as de formación profesional, de especialidades como Anatomía Patolóxica e Citoloxía e Química Ambiental, que realizan as prácticas profesionais nos seus laboratorios.

Por último, debemos indicar que, os obxectivos do Plan Estratéxico continúan a manter vixencia e a guiar as accións encamiñadas á mellora continua das actividades do Centro, aínda que temos que comezar a reflexionar sobre a súa renovación xa que se aproxima o fin do seu período de vixencia.

• Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro

O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade que se presentaron, no Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía do curso 2017/18, é elevado xa que a meirande parte das accións de melloras foron completadas. O seguimento da eficacia destas accións realízase por parte da Comisión de Calidade.

No marco do *Proceso de Revisión e Mellora* (PE-02), propuxéronse un total de 11 accións. As relacionadas coa mellora das infraestruturas (AM-3 e AM-5), do equipamento docente (AM-4) e da información pública (AM-6) executáronse a nivel de centro. As restantes, que afectan aos graos e aos másteres, foron executadas, en primeira instancia, polas comisión e os coordinadores dos títulos, coa axuda do equipo decanal e da coordinadora de calidade. A continuación inclúese información sobre as distintas accións e o seu grao de cumprimento.

Foron completadas as accións relacionadas coa mellora das infraestruturas docentes (AM-3: habilitouse o antigo local de alumnos/as como unha aula de docencia expositiva con 50 postos -Aula 12-; acondicionouse, amoblouse e dotouse co equipamento básico un laboratorio de prácticas -Laboratorio 12-) e coa mellora do equipamento docente (AM-4: dotáronse con equipos de videoproxección as aulas nas que se imparte a docencia de dous másteres -MA e MBio- e renováronse os computadores das Aulas 1 a 4).

En relación as infraestruturas do acuario da Facultade de Bioloxía (AM-5), está acción foi completada parcialmente xa que mellorouse o sistema de filtrado de auga (AM-5.1 -instalouse un novo biofiltro e mellorouse a desinfección por UV), pero está pendente a renovación do sistema eléctrico que non foi posible debido ao exceso de traballo do persoal da oficina de infraestruturas.

Mellorouse a información pública (AM-6) co deseño e implementación dunha web propia para o Máster de Biodiversidade Terrestre (AM-6.2) e a reestruturación e actualización da páxina web da Facultade de Bioloxía (AM-6.1). Neste último caso aínda son necesarias máis melloras que deberán ser levadas a cabo en colaboración cos servizos de comunicación e informáticos da USC, xa que se está a traballar conxuntamente entre os centros e os servizos centrais.

Despois de máis de dous anos de traballo a Comisión de Título do Grao en Bioloxía finalizou a redacción da modificación da memoria do Grao en Bioloxía (AM-1) que está en proceso de reverificación, tralo informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.

Completouse tamén a AM-8 co establecemento de táboas de convalidación, para o recoñecemento de créditos nos primeiros cursos do Grao en Bioloxía nas tres univeridades do SUG; isto permite mellorar a mobilidade do alumnado entre os distintos centros.

O inicio dos estudos de Graduado/a en Biotecnoloxía fixo necesario realizar o seguimento sobre a súa implantación e adaptación ao SGC do centro (AM-2). Así implantáronse os protocolos propios que se detallan a continuación: enquisa do perfil de ingreso, enquisa de percepción sobre o desenvolvemento das materias (inclúese nos informes de coordinación), informe da porcentaxe de superación de materias e informe de abandono.

Tamén se executou a AM-7 xa que se estableceron convenios de mobilidade, tanto Erasmus (coas universidades Federico II de Nápoles e Lusófona de humanidades e tecnoloxía de Lisboa) como SICUE (coas universidades de Extremadura, Miguel Hernández de Elche, Murcia, Pablo Olavide de Sevilla, País Vasco, Salamanca e Zaragoza) para o alumnado do Grao en Bioltecnoloxía e convenios de prácticas externas para o alumnado do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre.

Respecto a AM-9 que fora proposta polo Máster Universitario en Acuicultura, ao mesmo tempo en que se facía a redacción da modificación do Regulamento de Réxime Interno para introducir a posibilidade de rotación dos cargos de Coordinador Académico (na USC) e Coordinador Xeral (entre as 3 universidades participantes), realizáronse as xestións necesarias cos profesores da USC e cos compoñentes da Comisión Académica Interuniversitaria, respectivamente. Desafortunadamente, estas xestións resolvéronse negativamente: no primeiro caso, moitos profesores da USC avisaron rotundamente de que, no caso de facer obligatoria a rotación do cargo de coordinador académico, daríanse de baixa como profesores, ante o cal desistiuse por esa banda e, no caso da rotación das responsabilidades de coordinador xeral (que non do Coordinador oficial do Máster), a Universidade de A Coruña deixou clao que si non se pasaba a Coordinación á UDC, non se aceptarían as responsabilidades. A seguinte negociación, visto o fracaso da primeira, foi para encontrar un posible coordinador na UDC ou na UVigo, para transferir completamente a coordinación a outra universidade, pero tamén foi infrutuoso. De este modo, permanecen como estaban tanto a Universidade coordinadora como os coordinadores académico e xeral.

En canto as propostas do Máster Universitario en Neurociencia, a relacionada coa difusión (AM-11) se continúa facendo cada ano, e a proposta relacionada co plan de acción tutorial (AM-10) está finalizada e o plan vai estar accesible na páxina web do máster no mes de maio de 2020.

Nos títulos de máster que son interuniversitarios (Máster Universitario de Acuicultura, Máster Universitario de Biodiversidade Terrestre, Máster Universitario de Bioloxía Mariña e Máster Universitario de Neurociencia) as accións foron perfectamente coordinadas entre as universidades participantes.

• Evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro

O [SGC da Facultade de Bioloxía](#) conta cun proceso estratéxico de *Revisión e Mellora* (PE-02) que permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), así como os resultados dos programas formativos que están no ámbito do SGC da Facultade de Bioloxía. No desenvolvemento deste proceso é fundamental o traballo das comisións de título, que de acordo co proceso clave *Análise de resultados e mellora dos programas* (PC-05), analizan os indicadores e trasladan á CCC as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar.

A CCC unha vez analizado o funcionamento global do SGC, e revisadas as accións de mellora propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, elabora o Plan de Melloras Anual que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

• A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía está adecuadamente actualizado xa que, como se indicou en apartados anteriores, a súa implantación foi certificada pola ACSUG en xuño de 2018. No proceso de avaliación externa foi aprobada unha modificación da documentación do SGC, dando lugar á 3ª edición do Manual de Calidade da

Facultade de Bioloxía, o Manual de Procesos e os Protocolos. Isto permite unha mellor adaptación dos procesos ao seu actual nivel de desenvolvemento. Así o Manual de Procesos do SGC da Facultade de Bioloxía quedou conformado por aqueles procesos dos que é directamente responsable o centro e, a maiores, elaboráronse os Protocolos que nos permitiron incluír dentro do SGC do centro as enquisa e informes que se estaban a realizar para mellorar o seguimento dos títulos que se imparten no centro, especialmente os de grao.

Globalmente inclúe a metodoloxía necesaria para propiciar a mellora continua do centro, permitindo obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos que se imparten no centro, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora. Desta maneira a consecución dos obxetivos da política de calidade baséase no proceso sistemático e cíclico de mellorar, planificar, desenvolver e actuar.

• **A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.**

A recollida sistemática de información relativa á satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese é realizada segundo o proceso institucional da USC *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PI-08) e suministrada aos centros pola ACMP. O centro complementa esta información mediante a aplicación de enquisas propias desenvolvidas segundo o proceso de soporte *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PS-04) e os Protocolos do SGC da Facultade de Bioloxía. Concretamente para o alumnado de grao realízase a enquisa de perfil de ingreso e de percepción sobre o desenvolvemento das materias.

Toda esta información é analizada pola Comisión de Calidade do Centro e, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e a procedente das queixas, reclamacións e suxestións, conforma a base sobre a que se realiza o seguimento do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recaba información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos.

A meirande parte das reclamacións, queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), segundo o protocolo institucional *Xestión das incidencias (SQR)* (PI-07), e non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada á Facultade. Concretamente no curso 2018/19 foron presentados oito recursos (un relacionado coa anulación de matrícula e sete co recoñecemento de estudos) dos que sete foron admitidos a trámite e, dentro destes, 3 foron desestimados, 2 estimados parcialmente e 2 estimados na súa totalidade. Esta información pode ser consultada na [Memoria da OAR](#) do curso 2018/19.

Por outra banda, o SGC do centro conta co protocolo de soporte *Xestión das incidencias (SQR)* (PS-05) que establece a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten no centro. No curso 2018/19 foi presentada unha reclamación do alumnado da materia Zooloxía I (de 2º curso do Grao en Bioloxía) en relación a docencia impartida por un dos docentes da materia. A reclamación foi admitida a trámite e resolta pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) celebrada o 31 de xullo de 2019.

Pola súa conta, o Máster de Acuicultura conta cun mecanismo adicional, non sustitutorio, de recollida de información sobre a satisfacción dos alumnos coa docencia de todas e cada unha das materias impartidas, así como dos profesores, e da coordinación entre os profesores e entre as materias. Froito deste mecanismo, foi a admisión a trámite interno, da queixa dos alumnos da USC contra un dos profesores da UVigo, pola suposta parcialidade na cualificación. A análise dos datos recollidos anualmente para cumprimentar a taboa de "Sesgo por Universidad" revelou que de certo había un sesgo nesa materia a favor dos alumnos da UVigo, pero que era a primeira vez que tal ocorría nos anos que leva impartida por ese profesor; asimesmo, no curso baixo análise, detectouse sesgo en outras dúas materias distintas, tamén a favor da UVigo, pero con profesores externos; polo que se concluiu que o factor influente non debía ser o profesor, senon outro distinto a analizar e, polo tanto, desestimouse a reclamación na Comisión Permanente do Título.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía realízase de acordo co proceso institucional PI-01 *Deseño, modificación e extinción de programas*, do Manual de Procesos Institucionais do SGC da USC. Os plans de estudos implantáronse de acordo ás memorias de verificación dos títulos e todos os títulos que participaron en procesos de renovación da acreditación obtiveron informe favorable, polo que podemos considerar que o desenvolvemento do proceso é o adecuado.

No curso 2018/19 finalizouse, tras dous anos de traballo, a redacción dunha nova Memoria do título de Graduado/a en Bioloxía, que está en proceso de reverificación tralo informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia (2 de outubro de 2019), que fora incluída no plan de melloras do curso 2016/17 e prorrogada ao 2017/18. A idea da modificación xurdiu como consecuencia do proceso de renovación da acreditación, tanto pola reflexión interna levada a cabo durante a elaboración do autoinforme de renovación da acreditación como polo resultado da mesma que se plasma no informe final de avaliación para a renovación da acreditación do 22 de xuño de 2017.

Así mesmo, o título de Máster Universitario en Acuicultura someteuse a un proceso de Modificación tras 2 anos de análise das necesidades para a mellora de certas materias e da titulación en xeral, substituindo varias materias por outras de maior necesidade para o Sector, consensuado co Cluster da Acuicultura de Galicia, coas suxestións de alumnos de cursos anteriores. Como resultado delo, implantouse no curso 2018/19 unha nova versión do Máster, que está a ser analizada ata a actualidade coa fin de determinar si a modificación foi acertada.

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun proceso estratéxico PE-02, *Revisión e Mellora* que facilita o seguimento anual dos distintos títulos. As Comisións de Título son as encargadas de analizar o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos; concretamente fan o seguimento da adecuación das actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación ao descrito nas memorias verificadas, analizan os perfís de ingreso/egreso, os mecanismos e actividades de coordinación e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trázanse á CCC, que os revisa e analiza, e aproba as accións de mellora derivadas. Todas as actividades das Comisións de Título e da CCC quedan recollidas nas actas das súas reunións.

Dentro do [SGC da Facultade de Bioloxía](#) inclúense tamén outros procesos e protocolos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, como son os procesos clave:

- PC-01 *Análise do perfil de ingreso e captación*
- PC-02 *Planificación das ensinanzas*
- PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas*
- PC-05 *Análise de resultados e mellora dos programas*

e os Protocolos:

- Enquisa propia de perfil de ingreso ao grao (alumnos/as matriculados en 1º curso)
- Enquisa de materias (realizadas dende a coordinación sobre o desenvolvemento da docencia)
- Informe de autoavaliación de materias
- Informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia
- Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente
- Informe de materias suspensas polas que os alumnos/as non defenden o traballo de fin de grao (TFG)
- Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos de grao
- Informe de abandono
- Informe do equipamento de prácticas
- Informe dos recursos bibliográficos

No Máster Universitario de Acuicultura, ademáis, dispoñemos de:

- Unha base de datos e gráficas de Evolución do alumnado (*Evolución: da Oferta/Demanda, da matrícula en números, por perfil de acceso, por orixe xeográfica e por especialidade elixida*)
- Un formulario propio de satisfacción da docencia en cada materia, e unha base de datos de análise dos formularios, co fin de detectar calquera desviación respecto á guía docente, á formación esperada, ó cumprimento das competencias, etc.
- Unha base de datos e gráficas da análise dos resultados da docencia, co fin de detectar calquera sesgo entre universidades, co fin de asegurar o trato ecuánime do profesorado.

Nas titulacións interuniversitarias, co fin de lograr unha maior eficiencia e calidade, sería importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título (datas de preinscripción, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, periodos de lectura de traballos fin de máster, e periodos de apertura e peche de actas, ...) fosen o máis homoxéneos posíbel; os vicerrektorados con competencia en cada unha das universidades terían que valorar a necesidade de unificar diversos aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos. Polo xeral a falta de unificación institucional nos aspectos mencionados anteriormente xeran confusión no alumnado matriculado en cada unha das universidades. Esta é unha petición que temos feito de maneira reiterada e insistente, por máis dunha década, cada vez que temos a oportunidade de tratar o tema cos membros dos 3 equipos reitorais, e imos apreciando certos cambios na dirección correcta, aínda que sexan máis lentos do que cremos convinte para acadar unha maior eficiencia na coordinación.

• **Análise das accións desenvolvidas nos programas formativos impartidos na Facultade de Bioloxía no curso 2018/19**

Grao en Bioloxía (GB)

O plan de estudos do Grao en Bioloxía implantouse de acordo á memoria de verificación do título e renovou a súa acreditación en xuño de 2017. Desenvólvese de forma que as actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas materias se adecúan ao descrito na memoria con lixeiras modificacións, realizados para mellorar a calidade docente, que foron incluídas nos informes de seguimento e de renovación da acreditación, así como nas memorias de calidade da Facultade de Bioloxía.

O máis destacable foi a redución da presencialidade (implantada no curso 2017/18) nos créditos expositivos das distintas materias, que pasaron de 10 horas a 8,5 horas por crédito de docencia expositiva. Esta acción xurdiu como resultado da análise e revisión dos resultados do título levadas a cabo dende o SGC (PE-02 Revisión e mellora e PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas) e pode estar relacionada, ao menos parcialmente, coa mellora dos resultados do título que se presentarán en apartados posteriores.

O informe final de renovación da acreditación de xuño de 2017, indica que o Grao en Bioloxía da USC mantén o interese dende o punto de vista académico, científico e profesional; os contidos que se imparten están actualizados e coordinados cos doutros centros do estado, sendo ademais coherentes cos estudos de Bioloxía a nivel internacional.

Cumprimento das guías docentes

Seguindo o proceso clave PC-02 *Planificación das ensinanzas*, as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso e de título e aprobadas pola Comisión de Título e a Xunta de Facultade. O grao de cumprimento das programacións docentes (curso 2018/2019), foi elevado tal e como indican tanto os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP (o ítem "cumpre co programa e co plan de traballo previsto?" ten un valor de 4,31 sobre 5, participación 33,13%), como os da enquisa realizada desde a área de coordinación (o ítem "as actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma" ten un valor de 2,65 sobre 3). Estes resultados están recollidos nos informes de coordinación do 1º e 2º semestre.

Procedementos de coordinación

Os procedementos de coordinación están perfectamente establecidos (PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas*), os/as coordinadores/as dos distintos cursos xunto co/a coordinador/a do grao teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. Manteñen reunións periódicas, polo menos unha por semestre, cos coordinadores/as das materias e cos representantes de alumnos/as e realizan a enquisa de percepción sobre o desenvolvemento da docencia das materias (Protocolo do SGC do centro). Con toda esta información elaboran os [informes de coordinación do 1º](#) e do [2º semestre](#) que se presentan para a súa discusión e aprobación nas Comisións de Título e de Calidade, así como na Xunta de Facultade, e que están dispoñibles na páxina web do centro.

Todas as accións de coordinación quedan recollidas nas actas das reunións que poden ser consultadas na Aplicación de Axuda aos Sistema de Xestión (AASX).

O bo funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido nos resultados dos informes das enquisas realizadas ao profesorado; así no curso 2018/19, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (participación 33,6%) o ítem "a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?" presenta un valor de 3,92 (sobre 5) e na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (participación 17,19%) o ítem "as e os docentes estamos coordinados na organización do título?" presenta un valor de 3,91 (sobre 5); este último valor é superior a media dos graos da USC (3,66) .

Cando se detectan problemas no desenvolvemento da programación ou na coordinación, infórmase á Comisión de Título e/ou de Calidade para o establecemento de accións que permitan corrixir as desviacións detectadas. No curso 2018/19 non se produciron incidencias na coordinación do grao.

Con todo, as queixas recurrentes do alumnado están relacionadas coa elevada carga de traballo, os horarios das actividades docentes e as datas dos exames. O descenso da presencialidades nas clases expositivas, ao menos polo momento, non reduciu as queixas do alumnado respecto á elevada carga de traballo.


No caso dos horarios e das datas dos exames, dende o curso 2017/18, a secretaria académica do centro réunese cos representantes do alumnado para recoller as súas suxerencias na procura de mellorar os horarios das actividades docentes e o calendario das probas de avaliación. Probablemente isto é o que favoreceu a mellora nas valoracións dos ítems relacionados con estas cuestións na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, que pasou de 1,96 no curso 2016/17, 2,68 no curso 2017/18 a 3,16 (sobre 5) no curso 2018/19 no caso dos horarios (ítem: "os horarios deste curso foron axeitados?"); e de 1,87 no curso 2016/17, 2,9 no curso 2017/18 a 3,16 (sobre 5) no curso 2018/19 no caso das datas de exame (ítem: "o calendario das probas de avaliación é razoable"). En ámbolos dous casos os valores dos ítems no curso 2018/19 son superiores a media dos graos da USC (2,9 para os horarios e 3,01 para as datas dos exames).

Resultados das materias

No [informe de porcentaxe de superación de materias do curso 2018/19](#), realizado seguindo o Protocolo do SGC do centro, o promedio de todos os cursos (ponderado polo número de créditos) de alumnos/as matriculados que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as asignaturas do grao, dende a súa implantación no curso 2009/10 ata o curso 2018/19, é do 70,2%. Para cada curso, este promedio foi mellorando dende o 69,5% no curso 2012/13 (primeiro curso no que se imparte a totalidade do grao) ata o 77,2% no curso 2018/19. Unha análise mais detallada do curso que nos ocupa (2018/19), mostra que as porcentaxes de superación das materias de cuarto curso (87%) son máis altas que as das materias dos tres primeiros curso (entre 75% para 1º curso e 73% para 2º e 3º curso).

Nos últimos cursos académicos destaca a mellora nos resultados das materias de 1º curso; así o promedio da porcentaxe de superación das materias de 1º curso supera o 70% dende o curso 2016/17 (sendo do 75% no curso 2018/19). Estes valores son superiores aos dos restantes cursos académicos (entre o 56% e o 63%) e superiores ao valor medio dende o inicio do grao (61%). Esta mellora pode ser debida a unha mellor formación do alumnado de acceso que se manifesta por un maior rendemento nas probas de acceso a universidade (a nota de acceso do alumnado dos tres últimos curso é de 9 ou superior) (Figura 1); e isto a súa vez pode estar relacionado co descenso do número de prazas ofertadas.

Figura 1. Relación entre a nota de corte da PAU/ABAU e a correspondente media da porcentaxe de alumnos que superan as materias do primeiro curso do grao. Na gráfica da esquerda inclúese a información dos cursos impartidos dende a implantación do Grao e na da dereita dende o curso 2014/15 ata o 2018/19. Indícase para cada valor o curso académico de acceso.



Con todo, a mellora observada nas materias de primeiro curso non se manifesta en Química para Bioloxía, que é unha das materias que dende o inicio dos estudos do grao presenta os peores resultados a pesar da implantación, no curso 2017/18, dunha materia de nivelación de Química (2 créditos), que pode cursar o alumnado que así o decida. Concretamente, no curso 2018/19, a porcentaxe de alumnos/as que superaron Química para Bioloxía foi do 55%, valor que é inferior ao percentil do 20% para todas as materias de todos os cursos impartidos.

No mencionado informe tamén destacan as baixas porcentaxes de superación que presentan Bioquímica II (57%, valor inferior ao percentil do 20% para todas as materias de todos os cursos impartidos) e Zooloxía I (47%, valor inferior ao percentil do 10% para todas as materias de todos os cursos impartidos).

Seguindo o protocolo do SIG da Facultade de Bioloxía cando unha materia presenta unha porcentaxe de superación inferior ao percentil do 20% (para todas as materias de todos os cursos impartidos) durante dous anos consecutivos, o departamento que ten asignada a docencia é informado para que revise a planificación da materia (metodoloxía,

competencias, sistema de avaliación, ...) e se garante que o alumnado alcance os resultados da aprendizaxe esperados. No curso 2018/19 foron informados os departamentos responsables da docencia das tres materias mencionadas con anterioridade (Química para Bioloxía, Bioquímica II e Zooloxía I).

O centro tamén realiza o [informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia](#). No curso 2018/19 os resultados mostran diferenzas estatisticamente significativas en doce materias, seis das cales son impartidas polo mesmo profesorado nos dous grupos (Bioloxía da Célula, Bioloxía dos Tecidos e Órganos, Botánica I, Bioquímica I, Bioquímica II e Ecoloxía III) e as outras seis correspóndense con Xenética Evolutiva (1,5 puntos de diferenza na mediana), Zooloxía I (1,4 puntos de diferenza na mediana), Xenética II (1,4 puntos de diferenza na mediana), Matemáticas para Bioloxía (1,2 puntos de diferenza na mediana), Xenética I (0,4 puntos de diferenza na mediana) e Bioxeoquímica (0,3 puntos de diferenza na mediana). Esta información preséntouse nas Comisións de Título e de Calidade que decidiron informar aos departamentos responsables da docencia, nos casos de materias impartidas por distintos profesores con diferenzas superiores a 1 punto no valor da mediana, con fin de que, na medida do posible, aporten solucións para garantir que o alumnado teña as mesmas oportunidades independentemente do grupo de docencia expositiva ao que pertence.

Na información suministrada pola ACMP, destaca a baixa taxa de éxito das materias Zooloxía I (51,88%) e Bioquímica II (59,76%); e as taxas de rendemento inferiores o 60% en Zooloxía I (43,14%), Bioquímica II (54,14%), Química para Bioloxía (54,79%), Bioloxía dos Tecidos e Órganos (55,47%) e Fisioloxía Vexetal II (58,38%).

Resultados do título

A taxa de avaliación das materias (indicador IN36G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados) é elevada, sendo o valor medio de todas as materias para o curso 2018/19 do 90,33%. A taxa de éxito (indicador IN35G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) e a taxa de rendemento (indicador IN34G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon) son lixeiramente máis baixas que a taxa de avaliación, con valores para o curso 2018/19 de 82,49% e 74,51%, respectivamente.

Os valores da taxa de rendemento, taxa de éxito, taxa de avaliación e taxa de graduación (indicador IN37G: relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis, e a súa cohorte de ingreso) van mellorando nos últimos cursos; aínda así, a taxa de graduación (44,52% para o curso 2018/19) segue en valores por debaixo dos previstos na memoria do grao (60%) polo que é necesario seguir facendo esforzos para melloralos. Quizais a mellora no rendemento do alumnado de primeiro curso (Figura 1) facilite a mellora dos indicadores de resultados cando este alumnado finalice o grao, polo que é posible e desexable que melloren a partir do curso 2019/20.

A taxa de abandono durante o primeiro curso (indicador IN40G: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X) e a taxa de abandono RD 1393/2007 (indicador IN41G: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) mostran unha tendencia descendente nos últimos cursos, con valores no curso 2018/19 do 14,81% e do 23,29% respectivamente, aínda que seguen sendo máis elevadas do desexable.

A duración media dos estudos (indicador IN38G: duración media -en anos- na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos) incrementouse lixeiramente dende o inicio da titulación sendo, no curso 2018/19, de 5,2 anos.

Aínda que os distintos indicadores de resultados que se acaban de comentar presentan valores lixeiramente desviados dos desexados, cando se comparan cos valores da media dos graos da rama de ciencias da USC (Táboa 1) obsérvase que as taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación son superiores, e as taxas de abandono e a duración media

dos estudos son inferiores á media dos grao de ciencias da USC.

Táboa 1. Indicadores de resultados do título, no curso 2018/19, no Grao en Bioloxía, na media dos graos en ciencias da USC e na media dos graos na USC. Fonte da información: ACPM

	Grao en Bioloxía	Media Graos Ciencias USC	Media Graos USC
Taxa de rendemento (%)	74,5	72,6	79,5
Taxa de éxito (%)	82,5	81,4	87,8
Taxa de avaliación (%)	90,3	89,2	90,6
Taxa de graduación (%)	44,5	35,9	58,2
Taxa de abandono no 1º curso (%)	14,8	15,8	15,9
Taxa de abandono RD 1393/2007	23,3	32,9	22,1
Duración media dos estudos (anos)	5,2	5,3	5,1

A preocupación pola baixa taxa de graduación e a elevada duración media dos estudos, levounos a facer unha análise detallada das causas que poden incidir nelas e á inclusión do seguinte Protocolo do SGC do Centro: [Informe das materias suspensas polas que os alumnos/as non defenden o Traballo de Fin de Grao](#) (TFG). Como a finalización dos estudos a marca a defensa do TFG, para o cal é necesario ter superados todos os créditos necesarios para a obtención do título (agás os correspondentes ao propio traballo) parece lóxico coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a defensa do TFG, alongando a finalización dos estudos e polo tanto, diminuindo a taxa de graduación e aumentando a duración media dos estudos. Obviamente o problema é máis complexo e no mesmo incide tamén a porcentaxe de alumnos/as que superan cada materia, xa que o número de alumnos que chegan a matricularse do TFG no ano que lles corresponde é baixo.

Na análise estudáronse as materias que teñen que cursar obrigatoriamente os alumnos/as repetidores do TFG, sempre que estas non supoñan máis de 24 créditos agás os do TFG. Os resultados son similares aos de cursos anteriores e indican que no 86% dos casos os alumnos que repiten cunha única materia esta é Bioloxía Molecular, e no 100% dos alumnos/as que repiten con dúas materias, unha delas é Bioloxía Molecular.

Concretamente no curso 2018/19 o número de alumnos/as que tiveron que renovar a matrícula do TFG é de 46. Repiten cunha materia 28 alumnos, 24 dos cales repiten con Bioloxía Molecular (85,7%) e o resto con Biodiversidade animal e conservación (3,6%), Fisioloxía Animal Comparada (3,6%), Fisioloxía Vexetal I (3,6%) ou Xenética Evolutiva (3,6%). Sete alumnos/as repiten con dúas materias, o 100% con Bioloxía Molecular, dous con Fisioloxía Vexetal II (28,6%), e o resto con outras materias diferentes (Bioxeoquímica, Edafoloxía, Fisioloxía Animal Comparada, Fisioloxía Vexetal I ou Inmunoloxía). A revisión dos datos dende o inicio do cuarto curso do Grao (curso 2013/14) ata o curso 2018/19 revela que a meirante parte do alumnado (78%) que non pode defender o TFG é porque non superou Bioloxía Molecular.

Análise do perfil real de ingreso/egreso

O Grao de Bioloxía ten un bo nivel de demanda, dende a súa implantación sempre se cubriron a totalidade das prazas ofertadas, polo que consideramos que está actualizado e mantén a súa relevancia. O perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía é adecuado tal e como se pon de manifesto ao analizar os datos dos indicadores que suministra a ACPM e os resultados da enquisa levada a cabo dende o centro (protocolo do SIG da Facultade de Bioloxía). A maioría do alumnado procede do Bacharelato (LOMCE) de Ciencias e examinouse da proba de avaliación para o acceso á universidade (ABAU). No curso 2018/19 presentáronse 824 solicitudes (769 alumnos/as procedentes de bacharelato e 51 de formación profesional) para cubrir as 100 prazas ofertadas, das que se admitiron 127 (datos da CIUG). A gran maioría dos alumnos/as admitidos proceden do bacharelato (98%) e o resto proceden de formación profesional. A nota media de acceso por preinscrición do Grao en Bioloxía da USC foi de 10,988 para o alumnado procedente do bacharelato e de 10,4 para o procedente de formación profesional; esta nota incrementouse en máis de dous puntos dende o curso 2012/13. A porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira opción foi do 68%. Estes datos apoian a adecuación do perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía. Finalmente sinalar que a maioría do alumnado procede de Galicia (97% no curso 2018/2019) e o 59% son mulleres.

O alumnado admitido que se matricula por primeira vez é recibido nunha "xornada de acollida" no que se lles explica o

funcionamento do Centro e no que se realiza unha enquisa (Protocolo do SGC do Centro) para mellorar o coñecemento sobre o seu perfil de ingreso. Os resultados da [enquisa de perfil de ingreso para o curso 2018/19](#) indican que, os alumnos/as que accederon ao Grao en Bioloxía no curso 2018/19 cursaron, en case todos os casos, as materias de Bioloxía e Xeoloxía (82%), Física e Química (84%), Matemáticas I (78%), Bioloxía (99%), Química (96%) e Matemáticas II (96%). Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que foron Bioloxía, Matemáticas e Química e nas que aproban sempre máis do 86% dos que se presentan. As notas medias das cualificacións de Bioloxía e Matemáticas son superiores a 7 puntos sobre 10, e a de Química de 6,75 sobre 10. Ademais os resultados das enquisas tamén indican que case a cuarta parte do alumnado (21%) que accedeu nos cursos 2014/2015 ao 2018/2019 podía presentar carencias formativas en Química polo que se implantou a materia de nivelación de Química.

Respecto aos alumnos/as egresados/as, dende o Centro podemos acceder á información dos/as egresados/as que cursan estudos de máster na USC. No curso 2018/19, completaron a súa formación realizando un máster na USC 41 graduados en Bioloxía pola USC, que cursaron os seguintes másteres: Máster Universitario en Xenómica e Xenética (22%), Máster Universitario de Profesorado (19,5%), Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre (19,5%), Máster Universitario en Investigación Biomédica (14,6%), Máster Universitario en Acuicultura (7,3%), Máster Universitario en Neurociencia (7,3%), Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (4,9%), Máster Universitario en Bioloxía Mariña (2,4%) e Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (2,4%).

Os estudos sobre empregabilidade son escasos. Os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as son os que presenta o estudo ["Inserción laboral de los egresados universitarios Curso 2013-14 \(análisis hasta 2018\)"](#), publicado polo *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* no ano 2019, cuxos resultados indican que a Bioloxía é un dos campos de estudo que ten as taxas máis baixas de afiliación á seguridade social o cuarto ano despois de egresar. Concretamente, dos titulados en Bioloxía (Licenciados e Graduados) no curso 2013/14, estaban afiliados á seguridade social un 26,8% en marzo de 2015, un 40,5 % en marzo de 2016, un 51,2% en marzo de 2017 e un 59,3% en marzo de 2018. Esta taxa é lixeiramente superior (62,7% ao catro anos de egresar) nos menores de 30 anos, dos cales o 54,3% traballan como titulados universitarios cun salario con base de cotización de 19.851 euros anuais.

Ademais, a ACSUG publica periodicamente os resultados da Enquisa de Inserción Laboral dos Titulados do SUG. Os últimos datos correspondentes á situación dos egresados, do Grao en Bioloxía da USC, no curso 2013/14 indican que o 73,68% deles traballaba en agosto de 2017, valor superior aos correspondentes aos egresados dos Graos en Bioloxía das Universidades de A Coruña (60,87%) e Vigo (46,43%), así como aos valores da media para egresados dos graos en ciencias, tanto da USC (67,8%) como do SUG (66%).

A enquisa tamén indica que mais da metade (55,26%) continúan a realizar estudos universitarios, maioritariamente de doutoramento (71,34%); e que o 18,42% están preparando oposicións.

Respecto ao traballo, a maioría están contratados por conta allea (96,43%) e son eventuais (48,15%) ou están disfrutando dunha bolsa (33,3%), cun salario neto mensual de 979,63 euros. A maioría dos egresados que traballan desenvolven funcións de nivel universitario (67,86%) e, ademais, no 89,47% dos casos son específicas da titulación.

Finalmente indicar que, segundo os datos da enquisa, a satisfacción dos egresados coa titulación, o centro e a universidade é moi elvada xa que o 90,91% deles indican que volvería a cursar o Grao en Bioloxía na Facultade de Bioloxía da USC.

Grao en Biotecnoloxía (GBT)

No curso 2018/19 comenzo a impartirse a titulación de Graduado/a en Biotecnoloxía pola USC. Como a implantación é gradual só houbo docencia de primeiro curso que se desenvolveu de acordo á memoria do título (actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, ...) aínda que suprimíuse o requisito de coñecemento de lingua estranxeira para a súa obtención, tal e como aprobou o Consello de Goberno da USC o 28 de maio de 2019. A mencionada modificación do título esta recollida no apartado catro desta memoria.

Cumprimento das guías docentes

Ao igual que no Grao en Bioloxía, as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia, revisadas polos coordinadores/as de curso e de título, e aprobadas pola Comisión de Título e a Xunta de

Facultade (proceso clave PC-02 *Planificación das ensinanzas* do SGC). O grao de cumprimento das programacións docentes, no curso 2018/2019, foi elevado tal e como indican tanto os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP (o ítem "cumpre co programa e co plan de traballo previsto?" ten un valor de 4,23 sobre 5, participación 88,46%) como os da enquisa realizada dende a área de coordinación (o ítem "as actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma" ten un valor medio de 2,55 sobre 3, con diferenzas importantes na valoración do mencionado ítem nas distintas materias: de 1,9 en Matemáticas a 3 -valor máximo- en Termodinámica e Cinética Química; resultados recollidos nos [informes de coordinación do 1º e 2º semestre](#)).

Procedementos de coordinación

Tal e como xa se indicou os procedementos de coordinación están establecidos no SGC (PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas*). Aínda que no centro fixéronse esforzos importantes no establecemento dos procedementos de coordinación e no seu cumprimento, e os resultados das enquisas son bos, chaman a atención os resultados dos informes das enquisas realizadas ao profesorado. Para o curso 2018/19, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (participación 52,17%) o ítem que presenta a peor valoración é "a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?" (3,67 sobre 5) mentras que o resto dos ítems teñen valoracións maiores a 4 (sobre 5); e na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (participación 28%) o ítem "as e os docentes estamos coordinados na organización do título?" presenta un valor de 3,71 (sobre 5), este último valor é superior a media dos graos da USC (3,66).

Esto mesmo é detectato polo alumnado, no informe de coordinación do 1º semestre o alumnado evidencia problemas de solapamentos (e/ou deficiencias) entre algunhas materias como Matemáticas, Física e Bioestatística e Deseño Experimental; así como na coordinación entre as distintas actividades (clases expositivas e seminarios) en materias como Química.

Resultados das materias

Tal e como pode ser con consultado no [informe de porcentaxe de superación de materias](#) do Grao en Biotecnoloxía para o curso 2018/19, realizado seguindo o Protocolo do SGC do centro, o promedio de alumnos/as que superaron as materias do primeiro curso foi do 84% e, só dúas materias presentan taxas de superación por debaixo do 80%. Os mellores resultados (con porcentaxe do 90% ou superior) foron os de Matemáticas, Bioestatística e Deseño Experimental e Técnicas Analíticas e Instrumentais. O peor resultado foi o de Fundamentos de Procesos Biolóxicos cunha porcentaxe de superación do 68% do alumnado.

As taxas de éxito e rendemento foron do 90,1% e do 92,8% respectivamente.

Resultados do título

Como a titulación comenzo a impartirse no curso obxecto desta memoria, os únicos indicadores son os comentados no apartado anterior. Si os resultados obtidos en primeiro curso poideran extrapolarse aos do título, serían mellores que os da media dos graos en ciencias e da media dos graos na USC (Táboa 1).

Con todo, na análise dos resultados, hai unha cuestión na que temos que estar alerta xa que, aínda que non se poden calcular as taxas de abandono por como é a súa definición, a porcentaxe de alumnos que iniciaron os estudos no curso 2018/19 e non están matriculados no curso 2019/20 é do 24% (12 de 50), valor moi superior ao esperado para alumnado con alto rendemento académico. Para coñecer as cuasas, dende a coordinación do grao fíxose unha enquisa cujos resultados poden se consultados no [informe de abandono dos estudos](#) do grao en Biotecnoloxía (Protocolo do SGC). Os resultados da enquisa indican que a maioría do alumnado (40%) que non se matricula no curso 2019/20 di que é porque os contidos das materias non se corresponde co que esperaban, tamén hai alumnos que aducen razóns persoais, que se matricularon pensando cambiarse a un grao con note de corte superior ou que o nivel de esixencia é excesivo.

Ao facer o seguimento individualizado do destino do alumnado que é posible (cambio de expediente a outro centro da USC -cambio de estudos na USC- ou traslado de expediente a outra universidade), observamos que ao redor do 67% destes alumnos/as matricúlase, no curso 2019/20, en diferentes graos englobados nas titulacións de Ciencias da Saúde (o 33% en Enfermaría, o 25% en Medicina e o 8% en Psicoloxía). No caso do alumnado que se marcha a Medicina pode deberse a que escolleron ese grao como primeira opción e en canto son admitidos abandonan o Grao en Biotecnoloxía,

xa que Medicina ten unha nota de corte lixeiramente superior (12,34 en Medicina e 12,024 en Biotecnoloxía).

Análise do perfil real de ingreso/egreso

Como era de esperar, ao ser unha titulación con elevada demanda nas universidades españolas e nova no SUG, a demanda foi elevada. No curso 2018/19 presentáronse un total de 972 solicitudes (943 correspondentes a cota xeral - alumnos/as procedentes do bacharelato e de formación profesional) para cubrir as 50 prazas ofertadas (datos da CIUG).

Do alumnado que finalmente accedeu ao grao, o 98% procedeu do Bacharelato (LOMCE) de Ciencias e o 2% restante de formación profesional, e examináronse da ABAU. A nota media de acceso por preinscrición foi de 12,565 para o alumnado procedente do bacharelato e de 12,45 para o procedente de formación profesional, e a nota de corte para o acceso de 12,024; sendo esta a segunda nota de corte mais elevada (por detrás de Medicina -12,34) das titulacións do SUG agás as de simultaneidade de estudos. A porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Biotecnoloxía da USC como primeira opción foi do 84,3%, a maioría son mulleres (71%) e proceden de Galicia.

A [enquisa sobre o perfil de ingreso](#) (Protocolo do SGC), que se realiza ao alumnado matriculado por primeira vez, foi contestada por 48 dos 50 alumnos matriculados. Os resultados indican que, os alumnos/as que accederon ao Grao en Biotecnoloxía no curso 2018/19 cursaron maioritariamente Bioloxía e Xeoloxía (83%), Física e Química (88%), Matemáticas I (88%), Bioloxía (100%), Química (98%) e Matemáticas II (98%). Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que foron Bioloxía, Matemáticas e Química. Todos os alumnos/as que accederon superaron os exames das distintas materias con boas cualificacións (medianas superiores a 7,5 puntos sobre 10 en todas as materias), destacando os elevados valores das medianas en Matemáticas e Bioloxía (8,9 e 8,5 sobre 10, respectivamente). Isto evidencia o adecuado perfil de ingreso e a boa formación que presenta o alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía no curso 2018/19.

Aínda que para analizar o perfil de egreso temos que esperar a que se implanten todos os cursos da titulación, os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as universitarios (informe "Inserción laboral de los egresados universitarios Curso 2013-14 (análisis hasta 2018)" -Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, 2019) indican que o 66% dos Graduados/as en Biotecnoloxía, no curso 2013/14 nas distintas universidades españolas, están traballando catro anos despois e, ademais o 77,8 % traballan como titulados universitarios cunha base de cotización de 20215 euros.

Máster Universitario en Acuicultura

O Máster de Acuicultura, tras un proceso de análise da necesidade de melloras docentes e de adaptación ó Sector aplicou unha modificación do Máster, modificación que foi aprobada en abril do 2018 e que se implantou no curso 2018/19 que corresponde a este informe de seguimento.

Na modificación tivéronse en conta:

- As queixas reiteradas sobre a carga docente de algunhas materias: polo cal se lle pediu o profesorado correspondente da elaboración das fichas das materias, aproveitando a modificación da Titulación, a redución da carga docente expositiva, en favor da interactiva de pizarra.
- As queixas dos alumnos sobre o solapamento entre algunhas materias (principalmente as relacionadas coa patoloxía): fusionáronse as materias de Patoloxía, Enfermidades en Invertebrados e Enfermidades en Peixes nunha única materia; elimináronse desta e de Desenvolvemento de Ferramentas de Epidemioloxía e Diagnose, todas as referencias á diagnose, para crear unha nova materia (Diagnóstico de enfermidades), demandada polo alumnado e o Sector, e para evitar solapamentos.
- Para mellorar a coordinación dentro dunha materia, queixa dos alumnos nos últimos dous anos, desdoubrouse a materia Mellora Xenética e Xenómica Estructural e Funcional, dentro do módulo de Biotecnoloxía en Acuicultura.
- Aplicáronse as suxestións do Sector ó respecto das súas necesidades reais: creouse a materia de Diagnóstico de Enfermidades, como se indicou arriba; incluíuse, na materia Mareas Tóxicas, os aspectos de Toxicoloxía, pasando a ser a materia de Toxicoloxía e Mareas Tóxicas; creouse unha nova materia, Introducción á Acuicultura, na que se aborda algo que antes quedaba pouco cuberto: a evolución histórica da acuicultura e os distintos tipos de instalacións acuícolas, novos métodos de cultivo ou as técnicas de cultivo experimentais.

Os resultados desta modificación deberán ser analizados nos dous cursos dende a súa aplicación.

Cumprimento das guías docentes

A análise das enquisas do curso en seguimento, respecto das do curso anterior (2017/18) e da media dos cursos 2013/14 a 2017/18 indicou que a modificación do máster implicou unha mellora no axuste das materias nas guías docentes, en canto ós contidos, á carga real e á actualización do programa e bibliografía, como se amosa na Táboa 2. Grazas a elo, poidemos comprobar que, na maior parte dos casos, logramos un maior axuste da carga docente respecto ó indicado na guía da materia; só no caso dunha das materias obrigatorias (marcada en vermello), produxose un descenso respecto do curso anterior (e respecto da media dos cursos anteriores), o que foi analizado. Para solucionar esta desviación, falamos coa profesora que, a xuízo dos alumnos (de varios cursos anteriores), é a responsable deste desfase (por ser de inmunoloxía humana), e chegamos ó acordo de facer unha proba, no próximo curso, cunha profesora alternativa (máis experta na inmunoloxía de peixes) para o próximo curso (2020/21).

Procedementos de coordinación

Cada materia ten un coordinador docente, un profesor da mesma no caso de que haxa alo menos un profesor dunha das 3 universidades, ou algún membro da Comisión de Coordinación, no caso de ser todos os profesores externos. O coordinador da materia é responsable de asegurar o correcto seguimento da guía docente, reparto de actividades e a correcta impartición entre os profesores da materia (A distribución de coordinadores para cada materia no curso vixente pode atoparse nas guías docentes disponibles a [web do máster](#)). O coordinador da materia está sempre baixo a supervisión dos coordinadores académicos, e deberá rendir contas e seguir ás instrucións da Comisión Permanente no que atinxe á correcta coordinación entre todas as materias do máster.

Os coordinadores académicos están en continua interacción co alumnado da súa sede (o que se ve favorecido polo reducido número de alumnos admitidos cada ano), para vixiar a correcta impartición e coordinación de todas as materias en tempo real. Ademais, cada ano celébrase, ó final do curso (tras a difusión das cualificacións), unha reunión presencial con todos os alumnos, coa participación dos catro coordinadores (a Comisión Permanente), na que se pide os alumnos que describan todos os problemas que se teñan detectado nas materias; isto permítenos ter unha imaxe dos problemas que temos que abordar para a mellora da docencia no máster, e isto permítenos, por exemplo, deseñar melloras no máster que se aplicaron na última das súas modificacións (postas en marcha no curso obxecto deste seguimento).

Táboa 2.- Evolución da cualificación dos alumnos das materias obrigatorias no senso da adecuación da guía docente

	Contidos axustados			Carga Axustada			Progr e Bibliogr Actual		
	13-18	17-18	18-19	13-18	17-18	18-19	13-18	17-18	18-19
Biología Animais	8,8	8,8	8,7	7,9	8,4	8,4	8,9	9,0	8,2
Biología Algas	7,2	7,6	8,0	4,7	5,8	7,3	9,0	8,3	8,3
Fisioloxía	7,3	8,0	8,7	5,2	6,0	8,3	8,0	8,4	8,3
Xenética	7,9	9,0	8,3	8,3	9,0	8,7	8,8	8,0	8,3
Inmunoloxía	6,2	7,8	9,0	5,7	8,2	6,7	8,0	8,0	8,3
Patoloxía	8,4	7,8	9,0	8,2	8,2	9,0	8,5	8,0	9,0
Alimentac&Nutrición	7,2	8,5	8,3	7,7	5,2	8,7	8	8,3	8,3

Neste senso, para reducir os problemas de coordinación detectados en cursos anteriores, como xa se ten dito, optouse por certas modificacións que se teñen aplicado na nova versión do máster, no curso obxecto de seguimento (2018/19). A redución de profesores nalgunha materia de cultivo, ten mellorado a coordinación da materia (Materia de Cultivo de Moluscos Bivalvos), reducindo os problemas. Asimesmo, o desdoble da materia de Xenómica e Mellora Xenética, eliminou completamente as queixas dos alumnos sobre a falta de coordinación entre os profesores das dúas partes, aínda que non dispoñemos de datos numéricos debido a que non cubren os formularios das materias optativas, como estas.

Resultados das materias

Como se amosa na Táboa 3, todo o alumnado superou todas as materias entre xuño e xullo do mesmo ano ou, no peor dos casos, no curso seguinte. Na Táboa 3 comparamos as porcentaxes de superación en xuño do curso baixo análise cas dos cursos precedentes, antes da modificación aplicada, observando unha clara melloría nalgunhas das materias tradicionalmente máis complexas para os/as alumnos/as, como a Inmunoloxía (á que se le aplicou unha redución de

carga, acadando unha maior porcentaxe de aprobados en xuño-xullo, sin necesidade de repetir no curso seguinte), Fisioloxía, Alimentación e Nutrición, e Xestión de Empresas.

Non obstante, todavía é demasiado pronto (só un curso tras a implantación da modificación) para entender isto como unha tendencia, polo que esperamos a seguintes informes de seguimento

Por outra banda, tamén temos analizado a evolución das notas medias das materias, comparándoas cas de cursos precedentes. Como se amosa na Figura 2, na maior parte dos casos non houbo cambios substanciais significativos; aínda que reseñaremos a continuación algúns relevantes:

- 1- Na materia de Patoloxía produciuse unha caída da nota media en 2,5 puntos, o que puxemos en comunicación dos correspondentes profesores. Debemos dicir que nesta materia houbo un cambio completo do profesorado, o que podería explicar o cambio na nota media, como debido a un cambio nos criterios de cualificación; non obstante, tamén se produciron caídas significativas da media das notas noutras materias nas que non ten habido cambio de profesorado (como veremos a continuación), polo que debemos esperar, antes de tomar medidas, ó curso actual, por si se debera a un efecto achacable exclusivamente á cohorte de alumnos do curso obxecto de análise. Sin embargo, tamén notamos un certo sesgo de notas baixas asociadas ós accesos dende Ciencias do Mar e de estranxeiros, o que podería ser un factor engadido.
- 2- Nas materias de Cultivo tamén temos apreciado unha caída de entre medio punto y casi 2 puntos, o que, non téndose producido cambio no plantel de profesores nin nas guías docentes, e á espera dos resultados en cursos seguintes, esperamos que sexa un efecto asociado á cohorte de alumnos.
- 3- Algo similar podemos dicir da materia de Xestión de Recursos (antes Xenética de Poboacións).
- 4- Outras, sin embargo, experimentaron incrementos substanciais, como Calidade da Auga e Xenómica Estructural e Funcional.

Táboa 3.- Porcentaxe de superación das materias do alumnado do Máster Universitario en Acuicultura

			Introducción a la acuicultura	Biol. Animales Acuicolas	Biol. Algas	Fisiología Anim Acuic	Genética	Inmunología	Patología en Acuicultura	Diagnóstico de enfermedades	Desarrollo de H de P&C	Herram de Epidemiología	Alimentación y Nutrición	Calidad y Gestión del Agua	Toxicología y Mar Tóxicas	Gestión de empresas	Calidad y Procesamiento	Cultivo de macroalgas	Cult M;icroalgas y Zooopl	Cultivo de Peces	Cult Moluscos Bivalvos	Cult Otros Invertebrados	Gestión de recursos	Mejora Genética	Genómica estruct y funcional	Aplicaciones Biotecn en Acuic	Desarrollo experimental	Análisis filogenético	
Versión 2	Media	USC	100	100	94	97	100	100	100	100	100	100	94	98	100	100	100	98	100	100	100	100	100	98	98	100	100	100	
		UVI	100	100	96	100	96/98*	100	100	98	100	100	99	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	80	100	100
		UDC	100	100	93	93	91	96	100	100	100	100	96	100	100	98	100	100	100	93	100	100	100	100	100	100	100	100	100
		Máster	100	100	94	96	99/99*	99	100	99	100	99	100	94	99	100	99	100	99	98	100	100	100	100	99	99	96	100	100
Versión 3	Media	USC	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
		UVI	100	100	80,0	100	80/90*	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	0,0	100	100
		UDC	100	100	90,0	90,0	55,6	80,0	100	100	100	100	90,0	100	100	90,0	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
		Máster	100	100	89,7	96,6	93/96*	100	100	100	100	100	96,4	100	100	96,4	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	80,0	100	100

En azul, superadas en xuño; en negro, porcentaxe en xuño, acadando o 100% en xullo; en vermello, porcentaxe en xuño/xullo, superadas no curso seguinte, acadando entón o 100%.

Resultados do título

Todos os índices de calidade da docencia do título amósanse na Táboa 4, tanto en global, como desglosado por Universidade. Como se observa, as taxas de rendemento e de éxito en xuño foron do 98,6%, acadándose o 100% en Xullo. Por Universidade, a UDC acadou o 100% en ambas taxas. A taxa de gradación foi do 100%, cunha media de 1,5-1,6 anos para obter o título. Isto mellora lixeiramente respecto os curso precedentes, e mantense na media dos últimos cursos.

Análise do perfil real de ingreso/egreso

Na Táboa 5 móstrase a evolución da matrícula dende o inicio da impartición do Máster, no curso 2008/09. Como se observa, a matrícula mantívose no máximo (10 alumnos/as) na UVigo, e baixou nas outras dúas universidades. Non obstante, o interese polo mestrado mantívose moi alto, como se demostra polos elevados índices teóricos. Isto pon de manifesto a necesidade de mellorar a capacidade de atracción de alumnos, quizáis cunha mellor oferta de bolsas de desprazamento para a realización das prácticas das materias de cultivo. Ademais, o Máster Universitario en Acuicultura de Galicia é de 90 ECTS, o que o pon en desvantaxe con outros da Península Ibérica; a diferenza está en que éste é o único que ten acordos co máis de 30 empresas para realizar prácticas en empresa nun período de 3-4 meses; por elo, pensamos que debemos facer mellor márketing deste feito.

Táboa 5.- Evolución da matrícula dende o primeiro curso do Máster Universitario en Acuicultura

Curso	UDC			USC			Uvigo			Global		
	nº Mat	Teórico	Eficiencia	nº Mat	Teórico	Eficiencia	nº Mat	Teórico	Eficiencia	nº Mat	Teórico	Eficiencia
8-9	10	1,70	1,00	10	1,2	1	9	2,1	0,9	29	1,67	0,97
9-10	11	1,90	1,10	6	0,6	0,6	11	1,2	1,1	28	1,23	0,93
10-11	5	1,10	0,50	5	0,6	0,5	10	2,2	1	20	1,30	0,67
11-12	4	0,90	0,40	9	1,5	0,9	11	2,3	1,1	24	1,57	0,80
12-13	8	1,60	0,80	8	1,1	0,8	9	2,5	0,9	25	1,73	0,83
13-14	11	1,70	1,10	10	1,8	1	10	2	1	31	1,83	1,03
14-15	7	1,30	0,70	10	1,5	1	9	1,8	0,9	26	1,53	0,87
15-16	8	1,40	0,80	10	1,5	1	9	2	0,9	27	1,63	0,90
16-17	6	1,40	0,60	7	1,5	0,7	3	1,4	0,3	16	1,43	0,53
17-18	9	1,90	0,90	10	2	1	10	1,9	1	29	1,93	0,97
18-19	8	1,50	0,80	7	2,2	0,7	10	3	1	25	2,23	0,83
19-20	2	1,20	0,20	5	1	0,5	8	1,6	0,8	15	1,27	0,50

Ratio teórica: nº de preinscritos/nº prazas (avalía a demanda); Ratio eficiencia: nº matriculados/nº prazas (indica a porcentaxe de prazas cubertas)

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

O plan de estudos do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre (MBio) implantouse no curso 2018/19 seguindo a memoria de verificación do título, polo que, de momento, non houbo cambios salientables respecto as actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación previstos. O tratarse dun título interuniversitario os items das enquisas de satisfacción de alumnos e profesorado (e a puntuación máxima por item) non son comúns nas tres universidades do SUG polo que é difícil facer unha análise conxunta. A USC e UVigo teñen enquisas relativamente similares polo que os resultados poden estudarse conxuntamente, as diferenzas son maiores no caso da UDC pero e posible adaptar os resultados para facelos comparables ós das outras dúas universidades. En termos xerais, o grado de satisfacción é elevado sobre todo tendo en conta que é o primeiro curso e iso pode causar certos desaxustes, para o alumnado obtense unha puntuación de 3,45 sobre 5 (sendo a taxa de participación do 36% para o conxunto dos estudantes) mentres que para o profesorado a puntuación chega ata o 4,03 con unha taxa de resposta do 45%.

Polo que respecta a o grado de cumprimento das programacións docentes, este foi elevado tal e como indican os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado. No caso da UDC o item "Os coñecementos, as habilidades e as aptitudes propostas nas guías docentes desenvólvense adecuadamente" obtén unha puntuación de 4,00 sobre un máximo de 7. Na UVigo, os items "Organización e desenrolo" e "Satisfacción resultados aprendizaxe" obtén 3,33 e 4,00 puntos, respectivamente, sobre un máximo de 5. Na USC para a pregunta "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?" obtense un 4,20 sobre 5.

O tratarse dun título interuniversitario os procedementos de coordinación teñen unha grande importancia, mais se cabe tendo en conta que a docencia do máster repártese por igual nos tres centros implicados (Facultades de Bioloxía na USC e UVigo e Facultade de Ciencias na UDC). O longo do pasado curso o Coordinador Xeral do Máster (que é o mesmo tempo o Coordinador na USC) mantivo numerosas reunións, presenciais e virtuais, cos Coordinadores do máster na UDC e na UVigo, a fin de lograr o mellor funcionamento posible das actividades docentes, avaliándose case en tempo real a correcta implantación da titulación. Por outra banda, a Comisión Académica Interuniversitaria e as Comisións Académicas en cada facultade mantiveron reunións periódicas o longo de todo o curso.

A pesares do esforzo feito para garantir a adecuada coordinación, a percepción da mesma polos estudantes e o profesorado, cando foi posible obter información ó respecto, mostrou algunhas diferenzas. Polo que se refire o PDI, á pregunta "A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?" incluída no cuestionario da USC obtivo unha puntuación de 4,07 sobre 5,00; para o ítems "O proceso de coordinación e as reunións entre o profesorado, para debates docentes, é adecuado" e "O proceso de coordinación entre os diferentes departamentos implicados no título é adecuado" as puntuacións na UDC foron 5,14 e 5,33 respectivamente (sobre un máximo de 7,00); por último, o ítem "Satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino" foi puntuado con 3,88 sobre 5,00 na UVigo. No caso do alumnado na enquisa da USC non se inclúen cuestións relativas á coordinación, na UCD o ítem "A coordinación entre o profesorado é adecuada (non hai solapamentos entre os contidos das diferentes materias)" obtivo unha puntuación de 2,29/7,00, mentres que na UVigo o ítem "Organización e desenvolvemento" obtivo 3,33/5,00. A pesares das diferenzas nas escalas de puntuación e nas cuestións/ítems plantexados parece que a opinión do PDI ó respecto da coordinación é mellor que no caso dos estudantes, sendo esta especialmente crítica no caso dos matriculados na UDC. Tendo en conta que o curso 2018/19 foi o primeiro no que se impartiu docencia do máster, era previsible que houberan desaxustes que seguramente poderán arranxarse a medida que avancen os seguintes cursos.

En referencia ó resultados das materias, e tal e como era previsible nuns estudos de máster, hai que destacar que non houbo suspensos en ningunha delas obténdose, en xeral, cualificacións moi boas. Polo que respecta ó resultados globais do título, a análise conxunta dos resultados obtidos por todo o alumnado ofrece unhas taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación do 100%, mentres que, por ser este o primeiro curso do título, non hai datos das de Graduación e Abandono.

Por último, a información dispoñible sobre o perfil de ingreso do estudantado non é completa (non hai datos da UDC) pero para o resto dos matriculados (10 na USC e 10 na UVigo) compróbase que o 100% accedeu cunha titulación de Grado en Bioloxía (que era o perfil o que estaba dirixido principalmente o máster). O 100% dos estudantes accederon cunha nota superior a 6,00, sendo de 7,03 na USC e 7,06 na UVigo.

Máster Universitario en Neurociencia

Planificación e desenvolvemento do título

O título desenvólvese conforme ao previsto na memoria verificada, tanto en contidos como en procedementos dende a súa modificación. En canto ao cumprimento das guías docentes das materias, o programa formativo desenvolveuse sen incidencias, conforme a programación dispoñible na [web do máster](#).

Nos informes das distintas enquisas da USC referidas ao grao de satisfacción do PDI co desenvolvemento do título, os ítems referidos a aspectos académicos do título obtiveron valores iguais ou superiores a 4 (1-5), os cales, están por encima da media da USC. E respecto ao alumnado, na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, o ítem "cumpren co programa e o plan de traballo previsto" foi valorado cun 4,42 (1-5), o que pon de manifesto o elevado grao de cumprimento das guías docentes por parte do profesorado.

Cando se analizan as enquisas facilitadas pola UVigo o grao de satisfacción do profesorado en relación a planificación e desenvolvemento das ensinanzas é excelente (4,71 sobre 5), e no caso do estudantado o grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do título (4,33 sobre 5) é tamén satisfactorio.

Finalmente, nas enquisas facilitadas pola UDC, se reflicte que o grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino é elevado (6,83 sobre 7).

Procedementos de coordinación

Actualmente, o máster segue mantendo os mesmos sistemas de coordinación, conta cunha coordinación horizontal que recae nos coordinadores das materias que son os responsable da coordinación entre os distintos profesores que imparten unha mesma materia, e unha coordinación vertical que recae nos coordinadores do título de cada unha das universidades participantes e na Comisión Académica do Título integrada por profesores das 3 universidades. Os docentes do título como se reflexa no Informe do grao de satisfacción do PDI coa titulación de cada unha das universidades, consideran que

os sistemas de coordinación e revisión das guías docentes son os adecuados.

Análise do perfil real de ingreso/egreso.

Como en cursos anteriores, no curso 2018/19 ofertáronse 50 prazas (30 na USC -24 para estudantes nacionais e 6 para estranxeiros, 10 na UDC e 10 na UVigo), o número de prazas en cada Universidade é proporcional ao número de profesores que aportan. No curso 2018/19, matriculáronse un total de 36 alumnos, dos cales 30 foron de primeira matrícula (21 na USC, 3 alumnos na UDC e 6 na UVigo), datos similares ao curso anterior onde se matricularon 35 alumnos dos cales, 21 corresponden a matrículas de novo ingreso (16 na USC, 2 na UDC e 3 na UVigo).

A nota media de acceso na USC foi de 6,95, lixeiramente inferior a do curso 2017/18 (7,16), e na UVI foi de 7,15.

En relación con perfil do alumnado, a maior parte dos alumnos proceden dos graos en Bioloxía e Psicoloxía das tres universidades do SUG. A porcentaxe de estudantes matriculados que obtiveron o seu título de grao na USC foi inferior a do curso anterior (44,44%) fronte a un 58,33% no curso 2017/18, isto e compensado polo incremento de estudantes estranxeiros sobre matriculados (14,81%) e estudantes nacionais de fora de Galicia (11,11%, en concreto na USC foron 5 os alumnos procedentes de fora da Comunidade de Galicia), en ambos casos os valores son superiores aos do curso académico anterior.

Como se leva facendo dende fai varios cursos académicos seguiremos dándolle unha maior difusión ao Título dentro e fora da Comunidade Galega (AM-11 da Memoria de Calidade do curso 2017/18 prorrogada), aínda que consideramos que atraer alumnado doutras comunidades e difícil dada a oferta de Másteres de Neurociencia no territorio nacional. Os datos da preinscrición na USC reflexan que das 47 solicitudes de preinscrición, 12 correspondían a alumnado de fora da Comunidade de Galicia, que finalmente non se matriculou no máster probablemente porque foi aceptado noutro máster impartido na súa universidade de orixe, ou noutros másters da súa comunidade.

Os datos da matrícula de novo ingreso, no curso 2018/9, xunto coa taxas de ocupación (66,67% na USC, 60% na UVigo) indican, como nos cursos anteriores, unha distancia entre as prazas de novo ingreso ofertadas e as matrículas de novo ingreso. Aínda que os datos da preinscrición, como nos cursos anteriores, reflexan unha demanda elevada, xa que 47 alumnos fixeron a preinscrición na USC. Facendo unha breve análise do número de alumnos de primeira matrícula nas tres universidades, nos últimos cinco cursos académicos observamos que o número mínimo de alumnos de primeira matrícula foi de 21 no curso 2017/18 e o máximo de 35 no curso 2016/17, o que nos fai reflexionar si é aconsellable manter para os vindeiros cursos a mesma oferta de prazas, ou tratar de ir reducindo de maneira paulatina a oferta de prazas para adecuar a oferta a demanda.

Resultados das materias e indicadores do título

A taxa de éxito globais foi similar nas tres universidades. Na USC, foi do 95,17%, similar á dos cursos anteriores (99,11% no curso 2017/18 e 97,02% no curso 2016/17), 99,03% na UVigo, e 94,96% na UDC.

Na USC, a taxa de éxito das materias optativas foi do 100%, e na maioría das materias obrigatorias foi superior ao 88%, excepto na Bioloxía Celular do Sistema Nervioso que foi dun 66,77%, valor inferior aos dos cursos anteriores. A taxa de éxito na UVigo foi 99,03% e na UDC do 100%, tanto nas materias optativas como nas obrigatorias, excepto en Bioloxía Celular do Sistema Nervioso onde a taxa de éxito foi dun 75%.

De manterse no próximo curso unha taxa de éxito na materia Bioloxía Celular do Sistema Nervioso similar a do curso 2018/19, se comunicará aos profesores que imparten a materia que fagan unha análise dos contidos e criterios de avaliación da materia, co fin de incrementar a taxa de éxito.

A taxa de avaliación na USC foi do 77,52% similar á de cursos anteriores (80,46% no curso 2017/18 e 81,44 no curso 2016/17), aínda que todas as materias obrigatorias e a maior parte das materias optativas mostra un taxa de avaliación superior ao 90%. Na UDC a taxa de avaliación foi dun 81,76% en todas as materias obrigatorias e optativas excepto na materia Neurodexeneración e Neuroreparación (66,67%, 3 matriculados e 2 presentados).

A taxa de rendemento foi similar nas tres universidades participantes no título, na USC foi dun 73,77%, lixeiramente inferior a do curso anterior (79,75%), na UVigo de 88,50% e na UDC de 77,75%. A duración media dos estudos na USC

foi de 1,17, similar á do curso anterior (1,36), e é similar a duración media na UVigo e na UDC.

A taxa de abandono (RD1397/2007) foi dun 6,25%, por debaixo do 20% que se estimou na memoria do título.

A taxa de graduación no curso 2018/19 foi 62,50% na USC, 66,68% na UVigo e o 100% na UDC. Dende o curso 2016/17 onde a taxa foi dun 80,95% (valor estimado na memoria do título), esta taxa foi reducíndose de maneira gradual, o descenso e mais acentuado na USC, aínda que hai que ter en conta que o número de alumnos matriculados é superior na USC que na UVigo e UDC, Este descenso pode estar relacionado con que algúns alumnos deciden deixar o TFM para o curso seguinte, e tamén co feito que no curso académico 2018/19, o número de suspensos na materia obrigatoria Bioloxía Celular do Sistema Nervioso, foi mais elevado que en cursos anteriores, en concreto, no curso 2018/19 suspenderon a materia 7 alumnos fronte a 1 alumno nos tres cursos académicos anteriores; en conxunto os alumnos suspensos e non presentados na materia Bioloxía celular do Sistema Nervioso no curso 2018/19 foi o dobre que nos cursos académicos anteriores.

En xeral os indicadores mostran uns valores satisfactorios en relación aos valores establecidos na memoria do título, aínda que se observa un descenso na taxa de graduación, de manterse esta tendencia no próximo curso académico, se terá que facer unha análise máis profunda das causas.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

• Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

A USC conta con normativas de xestión académica para regular os procesos formativos, tanto a nivel de [grao](#) como de [máster](#); así como de un [regulamento actualizado para a súa tramitación](#).

As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descricións, instrucións, etc. que se indican nos diversos apartados.

Outra normativa xeral de interese para a comunidade do Centro, especialmente para o alumnado, como a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES, normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC, convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES, normativa de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 13/93/2007, normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster e o regulamento de prácticas académicas externas, pode ser consultada directamente na páxina web da Facultade de Bioloxía.

Finalmente, a Facultade de Bioloxía tamén conta con normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensinanza/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como é o regulamento sobre o TFG en Bioloxía.

Ademais, os procesos clave (PC-01 *Análise do perfil de ingreso e captación*, PC-02 *Planificación das ensinanzas*, PC-03 *Apoio aos estudantes*, PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas* e PC-05 *Análise de resultados e mellora dos programas*) e os protocolos do SGC (enquisa propia de perfil de ingreso ao grao, enquisa sobre o desenvolvemento da docencia das materias, informe de autoevaluación de materias, informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da

mesma materia, informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente, informe de materias suspensas polas que os/as alumnos/as non defenden o TFG, informe de abandono) están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos e, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimentos dos títulos e do Centro.

A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da USC, no caso dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, e en webs propias no caso dos títulos de Máster: Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre, Máster Universitario en Bioloxía Mariña e Máster Universitario en Neurociencia.

Grao en Bioloxía (GB)

Admisión do alumnado

Os procesos e os criterios de admisión do alumnado no Grao son os xerais para o sistema universitario público. Dende o inicio dos estudos do Grao en Bioloxía a demanda do alumnado é moi superior ás prazas ofertadas polo que estas sempre se cobren. A oferta de prazas diminuíuse nos últimos cursos para axustala á realidade xa que as análises realizadas mostraban una elevada oferta no SUG e este descenso parece que está a mellorar o rendemento do alumnado de 1º curso, tal e como se mencionou nun apartado anterior. No curso 2018/19 ofertáronse 100 prazas (indicador IN01G), sendo a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04G) de 99 prazas; ademais, no primeiro curso hai que incluír 19 alumnos/as do Dobre Grao Química e Bioloxía.

A nota media de acceso por preinscripción (indicador IN06G) foi aumentando dende o inicio da titulación, incrementándose en máis de dous puntos dende o curso 2012/13 (8,85) ata o curso 2018/19 (10,98).

A matrícula total (indicador IN02G) no Grao de Bioloxía foi de 592 alumnos/as no curso 2018/19.

As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) son baixas (0,17% e 3,89% respectivamente) e mantéñense en valores similares nos últimos cursos.

Aínda que o título conta cunha elevada demanda, a Facultade está implicada no programa “A Ponte” da Universidade (charlas nos centros de secundaria de Galicia, xornadas de portas abertas), co obxectivo de que o alumnado de secundaria reciba a mellor información previa posible sobre as titulacións de grao impartidas no Centro.

Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. No Grao en Bioloxía, no curso 2018/19, recoñecéronse, como créditos da titulación, a adquisición de competencias transversais (a 39 alumnos/as recoñecéuselle o coñecemento en idiomas e a 1 alumna a redacción científica), a realización de actividades como cursos de verán (recoñecéuselle a 40 alumnos/as), a participación nos órganos de representación da universidades (recoñecéuselle a 3 alumnos/as), no programa de titores (recoñecéuselle a 4 estudantes), en actividades deportivas (recoñecéuselle a 11 alumnos/as) e en actividades culturais (recoñecéuselle a 7 estudantes).

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

No curso 2017/18 comezouse a impartir unha materia de nivelación en Química coa intención de mellorar o rendemento do alumnado con deficiencias nesta materia. Os resultados non foron os esperados e durante o curso 2018/19 mantivéronse distintas conversas co persoal do departamento responsable da docencia e este comprometeuse a revisar todo o proceso de ensino/aprendizaxe e avaliación para mellorar os resultados.

Orientación académica

O grao en Bioloxía realiza unha “xornada de acollida” para os alumnos de primeiro curso na que participan PDI e PAS da Facultade (equipo decanal, a coordinación do grao e do primeiro curso, a xestora de centro e a directora da biblioteca), representantes de distintos servizos da USC (área de deportes, centro de linguas modernas, servizo de reprografía), así como do alumnado: alumnos titores, asociacións de estudantes e antigos estudantes da USC, etc. A valoración que os egresados realizan sobre o ítem “valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro/título” é de 2,65 (sobre 5) para o curso 2018/2019.

Para o alumnado de cursos superiores realízanse reunións informativas sobre:

- Programas de mobilidade: participaron os/as coordinadores/as dos programas de mobilidade e a xestora académica do Centro.
- Programas de prácticas externas (materia obrigatoria): participaron a coordinadora de prácticas externas e a xestora académica do Centro.
- Traballos fin de grao (TFG): participaron a xestora académica do Centro e un representante da comisión dos TFG.

Programas de mobilidade

O número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade é baixo, no curso 2018/19 só o 0,17% do alumnado matriculado é extranxeiro e o 3,89% de fóra de Galicia. Se se compara a nivel nacional con outros 25 graos en Bioloxía, o Grao en Bioloxía da USC está entre os que presentan menor mobilidade entrante e saínte, pero en comparación con outros títulos similares da USC, presenta unha aceptable mobilidade tanto entrante como saínte. Para tentar mellorar a participación do estudantado nos programas de mobilidade estanse facendo esforzos en mellorar a información ao alumnado coa convocatoria de reunións informativas sobre as opcións, destinos e as condicións da mobilidade saínte.

Aínda que a participación é baixa, o alumnado que participou nos programas de mobilidade valorounos positivamente. A satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (indicador IN15G) foi valorada cun 3,6 sobre 5 (para o curso 2018/19) e na enquisa aos egresados estes valoran con un 4,5 (sobre 5) o ítem "se participaches nalgún programa de mobilidade, indica en que grao consideras que contribuíu á túa formación".

Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe

As guías docentes das materias inclúen, ademais dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización polo profesorado, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Título e de Calidade no momento da aprobación das programacións.

O traballo de todos/as, profesores/as e coordinadores/as (de materia, de curso e de grao) é fundamental para garantir que o alumnado acadese os coñecementos e as competencias previstos na memoria do grao. Con todo, é necesario seguir traballando para mellorar a distribución temporal da carga de traballo do alumnado, para que o alumnado podesa atender dun xeito máis efectivo os requirimentos das distintas materias.

A redución da presencialidade na docencia expositiva, que se implantou no curso 2017/18, parece que non está dando os resultados esperados, xa que nos resultados das materias (agás en primeiro curso como xa se explicou na directriz 2) e na enquisa sobre o desenvolvemento das materias (Protocolo do SGC do centro) non se aprecian melloras significativas. É posible que os dous cursos transcorridos non sexan suficientes para avaliar a acción, xa que se necesita un certo tempo para que o profesorado se adapte aos cambios.

Na ensinanza é moi importante o tamaño dos grupos de alumnos/as de clases expositivas e interactivas. No Grao en Bioloxía a media de alumnos/as por grupo é superior ao desexado nas clases expositivas en materias de formación básica e obrigatorias (71,36 no curso 2018/19), nas clases expositivas en materias optativas (54,63 no curso 2018/19) e nas clases interactivas de laboratorio e/ou campo (25,7 no curso 2018/19), e está por riba da media dos centros da USC (66,49 alumnos/as por grupo nas clases expositivas das materias de formación básica e obrigatoria, 31,35 alumnos/as por grupo nas clases expositivas de materias optativas e 21,01 alumnos/as por grupo para as clases interactivas de laboratorio). Sempre que a dispoñibilidade docente das distintas áreas de coñecemento e as infraestruturas docentes do centro o permiten, solicítase a creación de novos grupos (especialmente de docencia interactiva), na procura de rebaixar o número de alumnos/as por grupo e así facilitar o proceso formativo. Dende o Centro todos os cursos se envía un escrito ao Reitorado solicitando que reduza por normativa o módulo de alumnos/as por grupo e contabilice o total do alumnado matriculado.

No curso 2018/2019, e para o plan de ordenación docente (PDA) do curso 2019/2020, a Facultade de Bioloxía solicitou grupos de docencia interactiva e de titorías a maiores, para algunhas materias, sobre a proposta elaborada pola Reitoría.

Estes grupos foron aprobados para as seguintes materias: Biofísica, Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, Botánica I e II, Bioloxía do Desenvolvemento, Zooloxía II, Microbioloxía I e II, Biodiversidade Vexetal e Conservación, Viroloxía e Biotecnoloxía Vexetal.

Avaliación da aprendizaxe


No Grao en Bioloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais: a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias; e a avaliación da adquisición de competencias por parte dos titores externos dos programas de prácticas externas (enquisa propia do centro), dos titores dos TFGs (informe do titor) e dos alumnos/as engresados/as (enquisa aos/as egresados/as -ACMP).

Os resultados das enquisas realizadas aos titores externos (dos programas de prácticas externas) sobre a adquisición de competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado, xa que, para o curso 2018/19, todas as analizadas presentan puntuacións superiores a 8,7 sobre 10 (Figura 3). As competencias peor valoradas son "coñecemento das técnicas ou procedementos de traballo" (8,7 sobre 10), "iniciativa e toma de decisións" (8,8 sobre 10) e "creatividade" (8,9 sobre 10) e as mellor valoradas son "respeto polas normas" (9,6 sobre 10) e "asistencia e puntualidade (9,5 sobre 10).

Resultados similares obtivéronse na enquisa realizada aos titores dos TFGs, cunha valoración media de 4,56 sobre 5. As peores puntuacións son as correspondentes a "capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible" (4,36 sobre 5), a "capacidade de análise e síntese" (4,38 sobre 5), "capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos seus coñecementos" (4,39 sobre 5) e "capacidade para o razoamento e a argumentación" (4,41 sobre 5) (Figura 3).

Os/as egresados/as, non obstante, son máis críticos coa valoración das competencias adquiridas, aínda que a valoración de seis das sete competencias incluídas na enquisa é superior a 3,1 sobre 5. Nos resultados da enquisa realizada no curso 2018/19 a puntuación máis elevada corresponde á "capacidade para a aprendizaxe autónoma" (3,61 sobre 5) e a peor á "capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do ámbito de estudo" (2,79 sobre 5).

Figura 3.- Resultados das enquisas realizadas aos titores dos TFGs e aos titores de prácticas externas sobre a adquisición de competencias por parte do alumnado no curso 2018/19.



Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización de Prácticas Externas, que é unha materia obrigatoria no Grao en Bioloxía, e supón o primeiro contacto do alumnado coa práctica profesional. No curso 2018/19 cursaron a materia 98 alumnos/as en distintos centros, entre os que hai centros de investigación (Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas do CSIC, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago -IDIS/FIDIS-), centros de investigación da USC (CIMUS, CIQUS, Instituto de Acuicultura, Instituto de Análises Alimentarias, estación hidrobiolóxica "Encoro do Con", Museo de Historia Natural e estación biolóxica mariña da Graña), departamentos e grupos de investigación da USC, centros dependentes do Sergas (Complexos hospitalarios universitarios de Santiago, Pontevedra e Lugo, hospital de Burela, hospital Povisa e INIBIC), centros das administracións públicas (Centros da Consellería de Medio Ambiente e Meteogalicia), concellos e empresas privadas (Feiraco, Geneaqua, Ecocelta Galicia, Iuvenor Laboratorio, Laboratorios Akuanatura, Rodrigo Carballal, Galician Marine Aquaculture, Aquagestion Rías Baixas, Jealsa Rianxeira, Hospital HM A Rosaleda e Instituto de estudios celulares y moleculares). Os/as alumnos/as do Grao en Bioloxía tamén teñen a posibilidade de realizar Prácticas Externas Optativas (no curso 2018/19 participaron neste programa 28 alumnos/as) e Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social (no curso 2018/19 participaron neste programa 11 alumnos/as).

Os programas de prácticas externas están moi ben valorados, tanto polo alumnado como polos titores profesionais e académicos. A satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é moi elevada dende a súa implantación no curso 2013/14, así o indican os resultados das enquisas realizadas pola ACMP da USC (no curso 2018/19 o valor do indicador IN19G é de 4,52 sobre 5, e todos os ítems da enquisa presentan valores superiores a 4), e pola Facultade de Bioloxía (4,64 sobre 5 para o curso 2018/19). As enquisas tamén amosan unha alta satisfacción dos/as titores/as externos cos programas de prácticas externas (o valor do indicador IN20G é de 4,04 sobre 5 para o curso 2018/19) e dos/as titores/as académicos (o valor do indicador IN21G é 4,3 no curso 2018/19). Finalmente, na enquisa aos/as egresados/as, o ítem "se realizaches prácticas externas durante a titulación, indica en que grao completaron a túa formación" foi valorado cun 3,61 sobre 5 (curso 2018/19).

Traballos Fin de Grao (TFGs)

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos TFG están perfectamente establecidos, non detectándose incidencias no curso 2018/19. Neste curso defendéronse 100 TFGs que abarcaban as distintas áreas de coñecemento implicadas na docencia de Bioloxía, e que obtiveron boas cualificacións (8 sobresaíntes e matrículas de honra [MH], 39 sobresaíntes, 52 notables e 1 aprobado).

Resultados da aprendizaxe

No informe final de renovación da acreditación (xullo de 2017) sinálanse, entre os puntos fortes da titulación, que os contidos están actualizados e coordinados con títulos similares a nivel nacional e internacional e que o alumnado está ben preparado, especialmente na súa formación teórica, o que reflicte que o título cumpre os requisitos do programa formativo.

Os bos resultados da aprendizaxe pódense observar nas cualificacións dos TFGs, nas valoracións que sobre as competencias adquiridas polo alumnado realizan os titores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado en apartados anteriores), nos resultados das enquisas realizadas aos egresados/as e nos datos de inserción laboral dispoñibles. No curso 2018/19 a taxa de éxito do TFG foi do 100% e o 99% do alumnado que presentou o TFG obtivo unha cualificación de notable ou superior (8% matrícula de honra; 39% sobresaínte; 52% notable e 1% aprobado) o que indica que o alumnado finaliza o título cunha boa formación.

Ademais, a satisfacción dos egresados do grao de Bioloxía coa titulación e co Centro é boa aínda que están máis satisfeitos coa formación teórica recibida (3,83 no curso 2018/19) que coa práctica (2,53 no curso 2018/19) e valoran moi positivamente os programas de mobilidade (4,5 no curso 2018/19); a participación na enquisa no curso 2018/19 foi do 16,51%.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida é moi alta tal e como indican os resultados das enquisas realizadas. No curso 2018/19, a valoración global do alumnado (indicador IN46G) é de 4,01 (sobre 5) e a do profesorado (indicador IN47G) de 4,4 (sobre 5). A participación na enquisa foi do 29,85% no caso do alumnado e do 33,6% no do profesorado.

No caso do alumnado, para o curso 2018/19, todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 3,65 (sobre 5). Os ítems peor valorados (3,5-3,8) están relacionados co desenvolvemento das capacidades e/ou competencias do alumnado como a aprendizaxe autónoma (3,65) e a participación crítica (3,74). Os ítems mellor valorados, con puntuación por riba de 4 (entre 4,18 e 4,41 sobre 5) relaciónanse con dous grupos de actividades moi importantes na docencia universitaria, por unha banda a explicación e o cumprimento das programacións docentes por parte do profesorado e, por outra, a súa actitude receptiva que facilita a comunicación e a súa dispoñibilidade para a resolución das dúbidas expostas polo alumnado.

No caso do profesorado, para o curso 2018/19, só dous dos trece ítems da enquisa presentan valores por debaixo de 4 e estes están relacionados coa participación activa e crítica do alumnado nas clases (3,7 sobre 5) e a coordinación entre materias (3,92 sobre 5). Os mellor valorados son a accesibilidades do profesor nas clase (4,97 sobre 5), a información sobre os criterios de avaliación (4,95 sobre 5) e a corrección no trato (4,92 sobre 5).

Os informes das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado coa titulación tamén son positivos, aínda que nestas enquisas a participación do alumnado e do profesorado, no curso 2018/19, foi moi baixa (7,57% e 17,19%, respectivamente). O alumnado valora con puntuacións superiores a 3 (sobre 5) seis dos sete ítems relacionados co apoio e orientación (cinco dos cales teñen valores superiores á media dos graos da USC) e só o ítem relacionado coa orientación profesional e laboral recibida no centro ten una puntuación de 2 (sobre 5) que está por debaixo da media dos centro da USC (2,51). Respecto aos ítems do apartado de aspectos formativos, as puntuacións son lixeiramente inferiores aínda que con valores similares á media dos graos da USC; destacan os bos resultados dos ítems "os horarios deste curso foron axeitados" e " o calendario de probas de avaliación é razoable", ambos cunha valoración de 3,16 (sobre 5), superior ás medias dos graos da USC.

Na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (escala de valoración de 1 a 5) todos os ítems do apartado de apoio á docencia presentan valores superiores a 4, que son superiores á media dos graos da USC. Respecto aos aspectos académicos todos os ítems presentan valores superiores a 3,5 e en cinco dos oito analizados as valoración están por riba da media da USC; os peores resultados están relacionados co equilibrio entre os contidos teórico-prácticos (3,78) e a formación do alumnado en competencias profesionais (3,53). En relación ás cuestións sobre o alumnado, os valores máis baixos relaciónanse coa asistencia regular a clase dos estudantes (3,47) e a súa implicación na titulación (3,53). Finalmente e, como xa se comentou, os egresados tamén manifestan un bo grao de satisfacción coa titulación e co Centro.

A baixa participación dos distintos sectores (profesorado, alumnado, egresados) nas enquisa oficiais realizadas pola USC parece indicar a necesidade de desenvolver estratexias que permitan aumentar a participación nas mesmas. Durante o curso 2018/19, a Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica púxose en contacto cos centros coa intención de recoller ideas para a mellora do proceso, como poderían ser a posibilidade de que o alumnado realizara as enquisas nas aulas de informática dos centros ou a posibilidade do uso de distintas aplicacións para telefonía móbil, ben existentes no mercado ou desenvolvidas para este proceso.

Respecto ás queixas do alumnado en relación ao proceso ensino/aprendizaxe, as máis habituais que se repiten nos distintos cursos, e das que queda constancia nos informes de coordinación, son as relacionadas coa carga de traballo e a distribución temporal do mesmo. A maioría do alumnado do Centro indica que a carga de traballo é excesiva en función do número de créditos para a maioría das materias e que, ademais, esta se concentra en curtos períodos de tempo.

Grao en Biotecnoloxía (GBT)

Ao haberse implantado o título no curso 2018/19 hai distintos epígrafes desta directriz dos que non hai datos como os relativos a programas de mobilidade (o establecemento de convenios xa foi comentado no cumprimento do plan de melloras do curso 2017/18), prácticas externas, TFG.

Admisión do alumnado

Os procesos e os criterios de admisión do alumnado son os xerais do sistema universitario público. A demanda do alumnado foi moi superior as prazas ofertadas polo que se cubriron todas. No curso 2018/19 ofertáronse 50 prazas (indicador IN01G), sendo a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04G) de 50 prazas. A nota media de acceso por preinscripción (indicador IN06G) foi 12,56 e a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10G) do 86%.

En relación á captación de novos estudantes, aínda que o título conta cunha elevada demanda, a Facultade está implicada no programa "A Ponte" da USC (charlas nos centros de secundaria de Galicia, xornadas de portas abertas), co obxectivo de que o alumnado de secundaria reciba a mellor información previa posible sobre as titulación de grao impartidas no centro.

Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. No Grao en Biotecnoloxía, no curso 2018/19, recoñecéronse a catro estudantes, como créditos da titulación, a adquisición de competencias transversais: coñecemento en idiomas (2 alumnos), realización de cursos de verán (1 alumna) e realización de actividades culturais (1 alumna).

Orientación académica

Ademais da orientación que recibiu o alumnado de primeiro curso, sobre o centro e a titulación na "xornada de acollida", os coordinadores de 1º curso (único que se impartiu) e de grao estiveron constantemente a disposición do alumnado para recoller as súas dúbidas e/ou suxerencias por se fose necesario axustar algunhas cuestións no desenvolvemento das ensinanzas, información que está incluída nos informes de coordinación.

Metodoloxía de ensinanza, avaliación e resultados da aprendizaxe

A metodoloxía da ensinanza adecúase ao perfil e necesidades do alumnado. Os informes resultantes da aplicación dos protocolos do SGC elaborados e aprobados na Comisión de Título, tal e como se indicou na directriz 2, así o indican. Destaca ademais que as guías docentes das materias inclúen a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas), e o esforzo que están realizando os coordinadores das distintas materias, de curso e de grao para ir axustando, as pequenas dificultades atopadas neste primeiro curso de implantación, que xa foron indicadas (directriz 2).

Resultados da aprendizaxe

Os resultados nas cualificacións das materias deste primeiro curso, que xa foron comentados na directriz 2, indican que o alumnado obtivo uns bos resultados da aprendizaxe, o que nos fai ser optimistas respecto a evolución do título cando finalice a súa implantación.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

No Grao de Biotecnoloxía destaca a elevada participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (88,46%). A participación do profesorado está por debaixo, sendo do 52,17% na de satisfacción coa docencia impartida e do 28% na de satisfacción coa titulación. Os informes das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia (recibida e impartida, respectivamente) indican que ambos colectivos presentan un elevado grao de satisfacción, a valoración global é de 3,85 para o alumnado e de 4,41 para o profesorado, en ambos caso sobre 5.

No caso do alumnado, para o curso 2018/19, todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 3,5 (sobre 5). Os ítems peor valorados (3,5-3,6 sobre 5) están relacionados coa motivación para a participación crítica e activa do alumnado nas clases, e o proveitosa que é a asistencia as mesmas. Os ítems mellor valorados, con puntuacións por riba

de 4 sobre 5, relaciónanse coa explicación da programación docente e o cumprimento do plan de traballo previsto axustado no tempo, por parte do profesorado; así como a súa dispoñibilidade para a resolución das dúbidas expostas polo alumnado.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida e coa titulación é moi alta; para o curso 2018/19 na enquisa sobre a docencia impartida só o ítem relacionado coa coordinación entre materias presenta un valor por debaixo de 4 sobre 5 (3,67) e en dous ítems a valoración é máxima (5), estos son os relacionados coa corrección no trato e a accesibilidade do profesor nas clases. Na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (escala de valoración de 1 a 5) todos os ítems dos apartados de aspectos académicos e alumnado presentan valoracións superiores as medias dos graos da USC; no caso dos epígrafes de apoio a docencia, a valoración tamén é boa na meirande parte deles, destacando pola menor valoración os dou relacionados coas aulas e o seu equipamento (3,17 sobre 5), esto pode estar relacionado cos problemas que presentou o sistema de videoproxección, na aula en que se imparte a docencia, ao inicio do curso o que probablemente provocou que o profesorado que impartiu docencia no primeiro semestre avaliara eses dous ítems con baixas puntuacións.

Máster Universitario en Acuicultura

Admisión do alumnado

Os criterios de admisión ó Máster son específicos, deseñados para asegurar que os alumnos chegan ca base mínima para poder abordar a docencia e acadar o éxito desexado. Por iso, para o acceso, tense en conta, ademais da nota media no grado, o ter cursado as materias que consideramos esenciais para acadar o éxito; éstas son: Bioquímica, Fisioloxía, Xenética, Microbioloxía, Zooloxía e Botánica, aínda que a ponderación deste requisito pode ser demasiado baixa, considerando que apreciamos que os alumnos que cursaron esas materias logran un maior éxito (nas cualificacións) que os que non.

Todos os anos analízase o resultado dos alumnos, para decidir si cambiar o perfil de acceso, pero nos último anos non fixemos cambios ó respecto, porque comprobamos que cas titulacións incluídas, o éxito dos alumnos está practicamente asegurado. Isto limita a admisión e pode provocar una redución da matrícula, como estamos a observar, pero a experiencia previa admitindo alumnos de certas titulacións sin a base necesaria non foi boa, e o éxito do alumnado caíu drásticamente.

Na Figura 4 móstrase a evolución dos perfís de ingreso no máster, observándose sempre por riba, tamén neste curso, os ingresados dende a titulación de Bioloxía, seguido dos de CC do Mar. Enfermería e Enxeñaría groalimentaria son exemplos de titulacións de acceso que non se aceptan agora debido á mala experiencia en anos anteriores pola baixa cualificación dos/as alumnos/as para determinadas materias do máster.


Orientación académica

O Máster de Acuicultura realiza todos os anos, o primeiro día de clase, una xuntanza de dúas horas, coa asistencia dos 4 coordinadores, para a orientación dos alumnos sobre o funcionamento do máster, sobre a docencia das clases expositivas mediante videoconferencia e o desprazamento ás clases prácticas, así como para a descrición de todos os recursos docentes e de estudo disponibles.

Asimesmo, antes do final do primeiro semestre, realízase outra reunión co fin de axudarlles coa elección das materias de especialidade, para a oportunidade de cambio de matrícula. E neste momento no que os estudantes poden estar máis confusos sobre cales poden ser as materias que máis se axustan ó seu interese, e aos intereses do seu futuro profesional.

Ademais, os estudantes de cada sede teñen como titor ó Coordinador Académico correspondente, que os seguirá ó longo de todo o curso. E, no segundo curso, é o Coordinador Interuniversitario o que fai de tutor en todo o relacionado coas Prácticas en Empresa.

Figura 4.- Evolución do perfil de acceso dos alumnos no Máster Universitario de Acuicultura



Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe

No curso 2018/19 implantouse en dúas materias (Diagnóstico de Enfermidades e Ferramentas de Epidemioloxía) una metodoloxía da ensinanza e un sistema de avaliación que xa se viña empregando nas materias de Cultivo de Peixes, Cultivo de Moluscos Bivalvos e Cultivo de Outros Invertebrados con éxito, tanto na apreciación dos alumnos como nas cualificacións obtidas. O método consiste nunha docencia expositiva de teoría moi asociada á práctica, e un exame nada convencional, posto que se trata de exercicios (deductivos, aplicados, de cálculo, etc) que os alumnos poden realizar na casa, individualmente ou en grupo, e sempre relacionados co aprendido nas clases expositivas e as interactivas de laboratorio e pizarra. Con este sistema, as notas acadadas polos alumnos superan claramente a media do curso, como se amosa na Táboa 6.

É intención deste máster ir implementando esta metodoloxía e sistema de avaliación en outras materias, aínda que isto só pode ser mediante a pedagogía activa cos profesores responsables.

O sistema de **avaliación da aprendizaxe** de cada materia está expresamente indicado en cada guía docente, dispoñibles na web propia do Máster, e nas carpetas DROPBOX de cada unha das materias.

O sistema de avaliación debe incluír a avaliación da aprendizaxe e de adquisición das competencias indicadas en cada caso, e o modo de confirmar que éste tense aplicado é mediante a avaliación, por parte dos alumnos, da docencia de cada materia, nun formulario no que se pregunta expresamente polo cumprimento de cada una das competencias das materias (na DROPBOX que se indica no apartado 5 da presente memoria, amósase un exemplo dun formulario cuberto).

Táboa 6.- Notas medias acadadas no curso 2018/19 nas materias do Máster Universitario en Acuicultura, e en comparación con cursos precedentes

Versión	Curso	Materia	Materias do Máster Universitario en Acuicultura																										Media
			Introducción á acuicultura	Biol. Animais Acuicolas	Biol. Algas	Fisioloxía Anim Acuic	Xenética	Inmunoloxía	Patoloxía en Acuicultura	Diagnóstico de enfermíd	Desenvolvemento de F e	Ferram de Epidemioloxí	Alimentación e Nutrición	Calidade e Xestión do A	Toxicoloxía e Mar Tóxi	Xestión de empresas	Calidade e Procesamento	Cultivo de macroalgas	Cult Microalgas y Zoopl	Cultivo de Peixes	Cult Moluscos Bivalvos	Cult Outros Invertebrados	Mellora Xenética	Xestión de recursos	Xenomica estrut e función	Aplicacións Biotecn en Acu	Desenvolv. experimental	Análise fitoxenético	
Versión 2	13-18	USC	8,0	7,2	7,1	7,8	7,7	9,0	8,8	8,6	6,9	8,1	7,7	7,4	6,0	8,1	8,5	9,6	9,2	9,3	8,4	7,1	7,1	8,2	6,2	9,5	8,0	6,6	
		UVI	7,9	7,2	6,7	7,1	6,5	8,7	5,8	5,2	7,0	7,9	5,5	7,4	5,5	5,1	7,2	9,4	9,1	7,5	5,0	4,6	4,6	6,1	5,8	6,5	7,1	6,6	
		UDC	8,1	7,5	6,8	7,3	7,0	8,8	6,0	6,0	6,6	8,1	8,2	7,5	6,1	8,6	8,6	9,6	9,3	9,1	5,2	4,6	4,6	5,2	5,9	5,0	7,1	7,1	
	17-18	Máster	7,9	7,3	6,9	7,5	7,2	8,9	8,5	8,5	6,9	8,0	7,8	7,4	7,4	7,9	8,6	9,5	9,2	9,3	8,3	6,9	6,9	8,0	8,2	9,5	8,0	8,0	
		USC	8,9	8,2	7,5	8,1	7,8	9,0	8,7	8,9	7,1	9,0	7,8	7,2	9,0	7,1	8,9	9,8	8,9	8,8	9,0	6,7	6,7	8,3	8,2	10,0	8,3	8,3	
		UVI	8,2	7,2	6,6	7,4	6,7	8,9	7,7		6,7	9,0	6,6	6,7	7,5	6,7	8,4	9,7	8,8	8,5	6,5	6,5	7,9		10,0		7,7	7,7	
18-19	UDC	8,2	7,6	6,7	7,4	6,9	9,2	9,5		6,3	9,0	7,8	7,9	8,0	7,5	8,3	9,8	8,8	8,7	6,3	6,3					7,9	7,9		
	Máster	8,4	7,6	6,9	7,6	7,1	9,0	8,7	8,9	6,7	9,0	7,3	7,3	8,2	7,1	8,5	9,8	8,8	8,6	9,0	6,6	6,6	8,1	8,2	10,0	8,1	8,1		
	USC	8,0	7,8	7,3	7,3	7,0	6,7	6,6	9,1	9,1	8,9	5,3	9,2	7,6	6,9	7,3	7,6	7,5	8,4	8,3	7,0		6,5	9,3	7,0	8,8	7,7		
Versión 3	18-19	UVI	8,3	7,6	7,4	7,0	6,9	7,2	6,6	8,0	9,2	8,0	7,1	9,2	7,1	6,9	5,8	7,0	8,1	8,9	7,9	8,9	6,4	6,7	8,4	8,7	7,8	9,8	7,7
		UDC	7,7	7,5	7,6	6,3	7,3	7,4	6,2	8,5		8,5	5,7	9,4	8,2	8,0			7,6	9,4	9,0	8,7					7,8	7,8	
		Máster	8,0	7,6	7,5	6,8	7,1	7,2	6,5	8,4	9,1	8,6	6,2	9,3	7,6	7,4	6,7	7,4	7,7	9,0	8,4	8,3	6,4	6,6	8,9	8,4	8,0	9,8	7,8

Prácticas externas, Iniciación á Investigación e Traballos Fin de Máster (TFM)

As materias de PE, Iniciación a Investigación (II) e TFM forman parte dun módulo único, denominado TFM. As materias PE e II evalúanse mediante una memoria resumida que deben presentar os/as alumnos/as, e o informe do titor directo. O traballo realizado en calquera de ambos casos debe ser desenvolvido nunha memoria máis ampla e profunda, e defendida ante una Comisión Evaluadora, que terá en conta a calidade da memoria escrita, a calidade da presentación e a capacidade de defensa ante as preguntas dos comisionados.

No curso 2018/19 adxudicáronse 9 traballos de Iniciación á Investigación (directores: I. Bandín, L. Bermúdez, C. Fernández, M. Gómez, J. Lamas, J. Leiro, A. Otero, Y. Santos, J.L. Soengas e E. Vázquez) e 19 Prácticas en Empresa: 11 en empresas de piscicultura (Acuinova, Stolt Sea Farm, CTAQUA, CETGA, ITC), una de cultivo de moluscos (GMA), 4 en acuariología (BBD y Acuario de Barcelon), e 3 en biotecnoloxía ligada á produción (IEO-Vigo, CIMA-Robadeo, INCAR-Chile).

As cualificación acadadas polo alumnado nos TFM, no curso 2018/19, foron acordes as medias obtidas en cursos precedentes, concretamente 1 alumno/a obtivo matrícula de honra (3,6%), 20 alumnos/as a cualificación de sobresainte (71,4%) e 7 alumnos/as a de notable (25%); e a media das cualificacións para este curso foi de 9,12. (ver Táboa na DROPBOX)

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

En relación ás queixas, non temos rexistros formáis, debido a que os/as alumnos/as non queren deixar rexistro das mesmas.

- No curso 2018/19 houbo una queixa das alumnas dunha materia por comentarios que elas consideraron sexistas referentes a que esa materia no era "polo xeral para mulleres". A Comisión Permanente tivo una conversa co profesor responsable do comentario, e él mesmo pediu perdón, primeiro a nos e logo ás alumnas, xustificando que entendía que se tivese interpretado como linguaxe sexista, aínda que no era o que pretendía.
- Houbo tamén queixas, na reunión que a tal efecto realizamos ó final do curso, pola carga de traballo de algunhas materias, queixa recorrente e que todos os anos transmitimos ás materias implicadas. Entre elas, a materias de Inmunoloxía, que para o curso 2020/21 xa ten previsto o cambio da profesora que causa esta queixa; outra é a materia de Bioloxía das Algas, o que tamén temos falado co profesor, o que foi axustando a súa materia cada vez máis á guía docente.

En relación ós indicadores de satisfacción, temos 3 fontes, con indicadores e resultados distintos, que pasamos a describir:

- Indicadores propios do Máster

A avaliación da satisfacción coa docencia de cada materia permítenos ter una imaxe clara de cáles son as fortalezas e as debilidades da cada unha delas, o que nos permite aplicar medidas de corrección para a mellora. As medidas adoptadas para o curso 2018/19 (incluída a Modificación do Máster), parecen ter aportado una clara mellora respecto ós curso anteriores, posto que a maioría dos indicadores foron superados. A información detallada pode ser consultada na carpeta de DROPBOX que se inclúe no apartado de listaxe de evidencias e indicadores

- Indicadores da USC

Na avaliación pola USC só se incluíron ós alumnos da propia universidade, só 6 neste curso, e só respostaron 4 alumnos do curso (segundo a información da propia Universidade). En dita enquisa apórtase información en 5 puntos. i) Satisfacción cas prácticas externas: obtívose un 4,889 (sobre 5), o que apoia o sistema de PE desenvolvido neste Máster. ii) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,41; o que coincide cos nosos índices. iii) Satisfacción coa información pública disponible: 1,6; o que nos sorprendeu nun principio, porque a nosa web propia inclúe toda a información necesaria; pero, falando co alumnado co que mantemos contacto, declaran que a pregunta se refería á información na web da USC, que sí que somos conscientes de que debe ser mellorada. iv) Satisfacción dos egresados cos servizos: 3,6667, que podería ser mellorado, pero cos resultados das enquisas non se nos proporcionou maneira alguna de interpretar as causas. v) Satisfacción dos egresados coa titulación: 1,8696; tamén neste caso, non sabemos cáles poden ser as causas desta tan baixa cualificación; tampouco sabemos entre os egresados encuestados, cantos están traballando e cantos non (o que pode influir claramente), etc, de modo que, estas enquisas da USC non nos

proporcionan ferramentas para resolver os problemas que poidan existir.

- Indicadores da UVigo

O formulario na UVigo e moi completo, aportando moita información e moi útil, tal e como se pode consultar na carpeta de DROPBOX que se inclúe no apartado de listaxe de evidencias e indicadores. Ademais os valores de todos os índices foron moi altos, e superaron, en moitos casos, a media do Centro, e en todos, o da propia Universidade (non amosado).

Por todo o indicado, pensamos que os formularios da USC deben ser mellorados e/ou a información adicional proporcionada si queremos que os resultados transferidos sexan de alguna valía, non só para cumprir cos requerimentos externos.

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

O MBio tivo un bo nivel de demanda no seu primeiro curso, das 30 prazas ofertadas cubríronse 28 (10 na USC, 10 na UVigo e 8 na UDC). No obstante, a pesares de quedar dúas prazas vacantes na UDC, tanto na USC como na UVigo houbo alumnos en lista de espera que non puideron matricularse, polo que puido ser posible cubrir toda a oferta. Este problema ten relación con feito da dificultade de coordinación nos títulos interuniversitarios relacionadas con diferenzas en calendarios, procesos e criterios. É necesario que a través dos organismos competentes (Consellería de Educación, ACSUG, etc.) se apliquen medidas que faciliten o funcionamento deste tipo de titulacións, sobre todo a nivel administrativo.

O MBio realiza unha sesión inicial de benvida xeral os alumnos no primeiro día de clase empregando videoconferencia na que participan o coordinador do mesmo e os coordinadores en cada unha dos centros participantes. Na sesión tratáronse en detalle, entre outros, os seguintes aspectos: presentación de: 1) a Comisión Académica do Máster e coordinadores da UVigo, a USC e a UDC, 2) obxectivos e estrutura do mesmo, 3) todo o relacionado co plan de estudos e a programación docente (estrutura, guías docentes, horarios e calendarios), 4) posibles saídas profesionais, 5) Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster, 6) normativas, servizos administrativos, salas de estudo, informática, biblioteca, centros, servizos telemáticos e plataformas de docencia, 7) o uso da web do Máster e do espazo virtual de teledocencia, e 8) o Plan de Acción Titorial (PAT). O PAT contempla, por unha banda, a asignación dun titor a cada estudante que actúa como orientador, tanto académico como profesional, e que ademais será o Titor Académico cando o estudante faga as súas Prácticas Externas. Por outra banda, no ámbito do PAT realizáronse cinco sesións de orientación en grupo en cada centro, tres convocadas especificamente e dous delas aproveitando a realización de exames de materias obrigatorias. Tamén realizáronse sesións de titorización individual, tanto presenciais como por correo electrónico. Os coordinadores do máster en cada universidade atenderon numerosas consultas, tanto de forma presencial nos seus despachos coma por correo electrónico. O resto de reunións ben individuais ou en grupo realizáronse a demanda dos estudantes.

No curso 2018/19 implementáronse por primeira vez as guías docentes das materias do MBio que ata ese momento só existían no papel. É previsible que, á vista de cómo funcionaron tanto a metodoloxía ensino-aprendizaxe como a avaliación das competencias, estas guías sexan axustadas nos seguintes cursos a fin de mellorar a docencia de cada materia. Polo que se refire o tamaño dos grupos das clases expositivas e interactivas, dada a matrícula do máster, para as materias obrigatorias foi de 28 alumnos nas expositivas e 14 nas interactivas (as tres universidades aceptaron dividir en dous o grupo expositivo debido a dificultade de impartir clases interactivas con 28 estudantes). No caso das materias optativas só houbo unha na que se matriculase a totalidade dos alumnos do máster ("Invasións Biolóxicas") alcanzándose matrículas moi variables no resto ata un mínimo de 5 alumnos ("Xeodiversidade" e "Técnicas moleculares aplicadas á caracterización da biodiversidade").

A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudiantado pode facerse por medio do sistema de avaliación incluído en cada guía docente (que é específico para as competencias contempladas nas mesmas) e por medio da avaliación de competencias que fan os Titores Externos das PE, os titores do TFM e a futura enquisa que se enviará os alumnos que vaian obtendo o título no futuro. O haberse implantado o título no curso 2018/19 aínda non se conta con avaliacións nin de titores de PE, ni de TFM, nin enquisas de egresados por non haber obtido a titulación ningún estudante neste curso.

Finalmente, aínda que xa se indicou na sección correspondente a Directriz 2, a pesares de que este curso foi

especialmente complexo pola nova implantación do título, en xeral o alumnado mostra un grado de satisfacción bo, pois é próximo o 3,5 sobre 5,00 para o conxunto dos matriculados (baseado nas opinións do 36% deles). Debe insistirse de novo en que este é un valor aproximado que tivo que ser calculado adaptando os resultados das enquisas realizadas na USC, UDC e UVigo. Sería imprescindible que dende a Consellería de Educación ou a propia ACSUG se articulen procedementos, calendarios e mecanismos comúns que faciliten a labor de coordinación nos títulos interuniversitarios.

Máster Universitario en Neurociencia

A **admisión do alumnado** realizouse segundo o establecido na Memoria do Título, como xa se comentou no apartado 2, o alumnado que acedeu no curso 2018/19 é graduado en Bioloxía ou en Psicoloxía, polo que consideramos que o alumnado ten unha formación previa adecuada para afrontar con éxito o programa formativo.

Co fin de valorar a **adquisición das competencias** por parte do alumnado, o profesorado fai unha análise das enquisas de satisfacción coa docencia recibida cubertas polos alumnos, e se adoptan as medidas necesarias no caso de que sexa necesario. Dunha maneira obxectiva, a adquisición das competencias por parte dos alumnosponse de manifesto durante a defensa dos Traballos Fin de Máster, na que o alumnado mostran un alto grao de competencia e coñecementos. Ademais o titores dos Traballo Fin de Máster emiten un informe no cal valoran cunha puntuación (sendo 1 o mínimo e 5 o máximo) o grao de consecución dunha serie de competencias transversais recollidas na memoria do Título, mencionar que practicamente todas as valoracións están entre 4 e 5 na USC e 6,67 (sobre 7) na UDC.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

A satisfacción do profesorado e do alumnado co título é alta tal e como se pon de manifesto nas distintas enquisas realizadas aos dous colectivos nas 3 univesidades do SUG. Nas da USC, o grao de satisfacción do alumnado e profesorado coa docencia recibida e impartida recibiron valoracións altas, en concreto 4,29 e 4,43, respectivamente.; Ademais nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación o ítem "En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso" foi valorada cun 5 (1-5).

Nas enquisa da UVigo, o grao de satisfacción xeral do alumnado co título foi de 3,06 (sobre 5) e nas da UDC, os titulados teñen unha excelente valoración da actuación docente e do proceso de formación (6,33 sobre 7), ademais consideran que o título foi interesante, está actualizado (6,67 sobre 7) e contribuíu a mellorar a formación do alumno a nivel profesional, académico e investigador (6,67 sobre 7).

Ademais, tal e como reflicte a enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida da USC, onde se valora como a titulación contribuíu a que se adquiriran determinadas competencias (capacidade para aprendizaxe autónomo, pensamento escrito, capacidade de traballo en equipo, capacidade de análise, capacidade de transmitir información e capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas), todas elas recibiron unha valoración alta nunha escala 1-5, cunha valoración mínima dun 3 e un máximo de 4,33. Por outra parte, o PDI considera que a calidade docente da titulación é moi boa (4,33 sobre 5), que a titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos (4,10 sobre 5), e por último, considera que o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitadas (4,22 sobre 5). O grao de satisfacción do profesorado da UVigo e UDC en relación cos obxectivos e competencias do título e mais que satisfactorio (4,67 sobre 5 na UVigo e 6,83 sobre 7 na UDC).

Por outra parte o alumnado aos ítems: "o docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma"; "o docente mellorou a meu nivel de partida en relación a materia" foron valorados cun 3,97 e 4,28 (1-5), respectivamente.

Estes datos indican que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á adquisición por parte do alumnado das diversas competencias.

Os datos do máster indican que o sistema de asignación, supervisión e asignación dos TFM son os adecuados, a taxa de éxito do TFM e do 100%. O alumnado considera que a xestión do TFM e axeitada (4,0 sobre 5) e a oferta do TFM e interesante (3,00 sobre 5), por outra parte, o profesorado está satisfeito coa titorización dos TFM (4,07 sobre 5).

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

• Persoal académico

O nivel de suficiencia e adecuación do cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Bioloxía é bo, tal e como indican os informes externos de reverificación das titulacións de grao e máster que participaron nese proceso, así como a verificación dos dous títulos novos. Sen embargo o descenso no número de profesores que se ven dando nos últimos cursos, sobre todo debido a xubilacións, está provocando que nalgúns áreas de coñecemento a dedicación docente do profesorado sexa moi elevada, estando no límite das súas capacidades docentes. Compre recordar a necesidade de incrementar o profesorado, non só a curto prazo nestas áreas xa deficitarias na actualidade, senón tamén a medio prazo en todas as áreas de coñecemento, xa que a media de idade do profesorado que imparte docencia nas distintas titulacións do centro é elevada.

Por outra banda, comprende tamén subliñar que as áreas de coñecemento que participan na docencia do Centro teñen capacidade de captación e formación de profesorado universitario como así o indica a participación na docencia de contratados posdoutorais de distintos programas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e predoutorais (Ministerio e Xunta de Galicia) (Táboas 8 e 9). Polo que en concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de PDI realizadas polos departamentos que son os que teñen o encargo do desenvolvemento da docencia.

Grao en Bioloxía (GB)

A cualificación docente e investigadora do persoal académico responsable da docencia do título é boa, cun perfil adecuado. O Grao en Bioloxía contou no curso 2018/2019 cun total de 129 membros do PDI adscritos. Na docencia participan profesores/as de moi diversas áreas de coñecemento (Táboa 7), o que evidencia o seu carácter multidisciplinar. Destaca a experiencia e calidade investigadora, o 96,23% do PDI é doutor, o 96,97% do PDI ten concedidos sexenios (media de 3,3 para os profesores que os poden solicitar –Catedráticos/as de Universidade, Titulares de Universidade e Profesores/as Contratados/as Doutores/as) e o 73,58% é funcionario. Respecto á calidade docente o número de quinquenios é de 409 (media de 4,6 para CU, TU e CD; Táboa 7). Tamén forman parte do PDI 5 investigadores do programa Ramón y Cajal, 7 contratados posdoutorais da Xunta de Galicia e 13 contratados predoutorais (Ministerio e Xunta).

A tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación pode ser consultada na Táboa 8.

Grao en Biotecnoloxía (GBT)

No curso 2018/2019, na docencia do 1º curso do Grao en Biotecnoloxía participaron un total de 25 profesores/as, dos que 1 ten contrato posdoutoral Juan de la Cierva e 4 teñen contratos predoutorais (Ministerio e Xunta). O profesorado ten unha ampla experiencia docente e investigadora: se excluimos os contratados predoutorais, o 100% do profesorado é doutor/a, o 85% é funcionario e a media de quinquenios e sexenio no profesorado que os pode solicitar é de 4,9 e 3,5 respectivamente (Táboa 9).

Táboa 7 . Número de profesores/as e experiencia docente ⁽¹⁾ (número de quinquenios) e investigadora ⁽²⁾ (número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia no Grao en Bioloxía no curso 2018/19. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as dotuores/as. Fonte da información: ACMP.

GRAO EN BIOLOXÍA

Área de coñecemento	Nº prof.	Experiencia docente ⁽¹⁾	Experiencia investigadora ⁽²⁾
Análise Matemática	2	0	0
Antropoloxía Biolóxica	2	6	4
Bioloxía celular	9	36	29
Bioquímica e Bioloxía Molecular	10	36	23
Botánica	9	45	25
Ecoloxía	6	22	19
Economía Financeira e Contabilidade	2	0	0
Edafoloxía e Química Agrícola	9	33	24
Estatística e Investigación Operativa	3	12	2
Física Aplicada	6	26	16
Fisioloxía	11	18	20
Fisioloxía Vexetal	7	25	18
Matemática Aplicada	1	6	1
Microbioloxía	13	43	38
Parasitoloxía	2	8	8
Proxectos de Enxeñaría	2	2	2
Química Orgánica	8	12	11
Xenética	14	34	30
Zooloxía	13	45	26
TOTAL	129	296	409

Táboa 8. Tipoloxía do profesorado que impartiu docencia, no curso 2018/19, nos distintos niveis do Grao en Bioloxía. CU=catedrático/a de Universidade, TU=profesor/a titular de universidade, CD=profesor/a contratado/a doutor/a, AD=profesor/a axudante doutor/a, CInt= profesor/a contratado/a interino/a, AsLOU= profesor/a asociado de universidade LOU, CPostD=contratado/a postdoutoral de distintos programas, CPreD=contratado/a predoutoral de distintos programas. Fonte da información: ACMP.

GRAO EN BIOLOXÍA								
	CU	TU	CD	AD	CInt	AsLOU	CPostD	CPreD
1º curso	4	29	9	1	1	-	6	9
2º curso	14	15	7	-	-	-	7	8
3º curso	14	11	4	-	-	-	3	6
4º curso	21	31	11	-	1	2	4	4

Táboa 9 . Número e experiencia docente ⁽¹⁾ número de quinquenios) e investigadora ⁽²⁾ número de sexenios) do profesorado que impartiu docencia no 1º curso do Grao en Biotecnoloxía. Fonte da información: ACMP.


GRAO EN BIOTECNOLOXÍA				
No curso 2018/19 só se impartiu 1º curso				
Categoría profesorado	Nº prof.	% Doutores	Experiencia docente ⁽¹⁾	Experiencia investigadora ⁽²⁾
Catedrático/a de Universidade	7	100	39	34
Titular de Universidade	11	100	50	32
Contratado/a Doutor/a	2	100	8	4
Programa Juan de la Cierva	1	100	-	-
Contr. Predoutoral Ministerio	3	-	-	-
Contr. Predoutoral Xunta	1	-	-	-
TOTAL	25		97	70

Máster Universitario en Acuicultura

No curso 2018/19, 58 profesores impartiron docencia neste máster: 54 universitarios (12 catedráticos, 26 profesores titulares, e 6 profesores contratados doutores) e 14 profesores non universitarios, funcionarios dos centros IGAFa (Instituto Galego de Formación en Acuicultura), CIMA (Centro de Investigación Mariña-Xunta de Galicia), IIM-CSIC e IEO-Vigo. Os profesores externos son expertos no cultivo de especies animais, cunha experiencia media de máis de 21 anos, nos temas dos que se encargan no Máster. A media de idade do profesorado é de 57 anos (Figura 5)

O profesorado, como en cursos anteriores, foi elixido pola súa experiencia na liña correspondente á docencia que imparte. Neste Máster temos ós docentes con máis experiencia na área, como o demostra a Táboa 10, cunha maior carga de horas lectivas en profesores da USC (259h) e da UVigo (234h), e algo menor na UDC (141h) e nos centros non universitarios (146h), e sendo doutores todos os profesores universitarios, e un 71,5% dos extrauniversitarios. O profesorado universitario sumaban nese curso 191 quinquenios (media de 4,3) e 153 sexenios (media 3,5), e os extrauniversitarios tiñan unha media de 21,4 anos de experiencia (nun rango de 5-30 anos) no seu campo, e a maioría leva como docente deste máster dende o seu comenzo (excepto dous, que levan 5 anos).

Figura 5.- Distribución de idade do profesorado (curso 2018/19) do Máster Universitario de Acuicultura



Táboa 10.- Experiencia dos profesores universitarios do Máster Universitario de Acuicultura (CU = Catedrático/a de Universidade, TU = Profesor/a Titular de Universidade, CD = Profesor/a Contratado/a Doutor/a)

		Quinquenios	Sexenios		CU	TU	CD	Total
UDC	Total	45	34	nº	3	6	0	9
	Media	5,0	3,4	%	33,3	66,7	0	
UVigo	Total	64	55	nº	6	9	2	17
	Media	3,8	3,2	%	35,3	52,9	11,8	
USC	Total	82	67	nº	3	11	4	18
	Media	4,6	3,7	%	16,7	61,1	22,2	
Total	Total	191	153	nº	12	26	6	44
	Media	4,3	3,5	%	27,3	59,1	13,6	

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

No curso 2018/19 participaron 83 profesores na docencia do MBio, 27 da USC, 38 da UDC e 18 da UVigo. Estes profesores inclúen 6 investigadores posdoutorais (financiados pola Xunta de Galicia – i.e. Modalidade B- ou polo Ministerio) e 2 investigadores Ramón y Cajal. Todo o profesorado é Doutor/a e o 51% funcionario; o total de Quinquenios recoñecidos é de 157 e o de Sexenios 167, o que fai que, si se dividen estes números entre os profesores que ten dereito a solicitálos (Profesores Contratados Doutores, Titulares de Universidade e Catedráticos), a media é de 2,38 Quinquenios e 2,53 Sexenios por profesor. Por categorías, un 13% son contratados posdoutorais, 2% contratos Ramón y Cajal, 2% Asociados, 2% Axudantes Doutores, 29% Profesores Contratados Doutores (incluíndo interinos), 34% Titulares de Universidade e 17% Catedráticos.

Máster Universitario en Neurociencia

O título foi impartido por 60 profesores: 10 profesores na UDC (5 Catedráticos de Universidade, 4 Profesores Titulares de Universidade e 1 Profesor Asociado tipo 3); 7 profesores na UVigo (6 Profesores Titulares de Universidade e 1 Profesor Contratado Doutor) e 43 profesores na USC (16 Catedráticos de Universidade, 15 Profesores Titulares de Universidade, 5 Profesores Contratados Doutores, 1 Profesor Emérito LOU, 2 Profesores Contratados Interinos, 3 Profesores Asociados de Universidade LOU, 1 Profesor Asociado de Ciencias da Saúde LOU), ademais na USC impartiron docencia 4 profesionais área externa, 1 investigador Ramón e Cajal e 1 contratado posdoutoral da Xunta de Galicia.

Nas tres universidades, no curso 2018/19, a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) doutor foi dun 100%; ao igual que a de profesores con sexenios sobre o PDI total que os pode solicitar. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total no curso 2018-19 mostra valores similares aos de cursos anteriores, un 69,77% (USC).

Estes datos indican que o profesorado das tres universidades que participa no título conta cun nivel de cualificación moi alto, e é suficiente para o correcto desenvolvemento do Máster. En relación cos datos obtidos na avaliación docente do Máster remarcar a ampla preparación docente e investigadora dos profesores que participan no Máster o que se traduce nunha formación esixente e actualizada.

Aínda que os coordinadores e a Comisión Académica contamos coa axuda dos/as xestores/as académicos/as de cada unha das Universidades, estes ocúpanse de numerosas titulacións no centro, os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, consideramos que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente.

Participación do persoal docente e investigador en actividades formativas

No curso 2018/19, a participación do profesorado en cursos de formación non foi moi elevada, aínda que foi superior á do curso 2017/18. A maior participación corresponde ao profesorado do Máster Universitario de Acuicultura (MA) e esta é dun 25%. Nos restantes títulos a participación está entre o 15,79% para o profesorado do Máster Universitario en Bioloxía Mariña (MBM) e o 18% para o do Máster Universitario en Neurociencia (MN). En relación ao profesorado dos graos, o 16,9% dos/as profeores/as do Grao en Bioloxía (GB) e o 16% dos/as do Grao en Biotecnoloxía (GBT) participaron en actividades formativas.

O PDI da Facultade de Bioloxía mostra unha elevada satisfacción xeral coas actividades de formación realizadas (> 4,3 sobre 5 para o curso 2018/2019) e a meirante parte do profesorado recomendaríalle esas actividades aos seus compañeiros (90,6%). A enquisa presenta unha taxa de resposta do 45,82% para o curso 2018/2019.

• Persoal de apoio

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía da USC non ten funcións específicas de apoio á docencia dunha titulación concreta, senón que dá apoio a todas as titulacións que se imparten no Centro. O PAS do centro está composto por 26 persoas que se estruturan nas seguintes unidades: i) animalario/acuario (2 persoas), ii) biblioteca (6 persoas), iii) conserxería (5 persoas), iv) administración dos departamentos (3 persoas), v) persoal de apoio á investigación de departamentos (4 persoas) e vi) administración do centro (decanato, apoio á xestión e asuntos económicos) (6 persoas).

A totalidade do persoal ten dedicación a tempo completo. A súa adecuación queda garantida polo proceso de selección do persoal, que se axusta estritamente á normativa xeral aplicable aos empregados públicos. Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 61,54% do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no ano 2018. A valoración que fan sobre os mesmos é boa xa que a satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas é de 7,84 (sobre 10) para o ano 2018. A taxa de resposta á enquisa para o ano 2018 foi do 55,89%.

A satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indican tanto o valor do indicador IN49C que é de 3,63 (sobre 5) como a valoración que fan do ítem "En xeral, síntome satisfeito co meu traballo" na enquisa de satisfacción do PAS, que é de 4 (sobre 5), valor superior á media da USC. A participación na enquisa, para o curso 2018-19, foi baixa (18,2%).

Persoal de administración e servizos da Facultade de Bioloxía	Dotación	Grupo-nivel
Persoal de administración	Responsable de unidade	1 A1/A2-24
	Secretaría do decano	1 C1/C2-18
	Respon. Asuntos Económicos	1 C1/C2-20
	Posto base	2 C1/C2-15/17
	Auxiliar administrativo	1
	Administrativos dos departamentos	3 C1/C2-18
Conserxería	Conserxe	2 ATI Grupo 4.1
	Oficial técnico de servizos	2 ATI Grupo 4.1
	Aux. técnico informático	1 ATI Grupo 4.1
Técnicos de investigación	Animalario- Encargada	1 3
	Animalario-Técnico	1 3
	Departamentos	4 3
Biblioteca	Directora da biblioteca	1 A1/A2
	Axudante de biblioteca	1 A2
	Auxiliar arquivos, biblio. e museos	4 C1
TOTAL	26	

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

• Recursos materiais

As infraestruturas coas que conta a Facultade de Bioloxía son as adecuadas para o desenvolvemento do proceso formativo dos títulos que se están a impartir na actualidade, aínda que no curso 2018/19, a implantación de dous novos títulos (Grao en Biotecnoloxía e Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre) e a cesión temporal de espazos para a docencia do Grao en Farmacia provocou algunhas dificultades na xestión dos espazos docentes, que foron solventadas, entre outras, coa habilitación dunha nova aula para docencia expositiva (Aula 12) con capacidade para 50 alumnos/as e co acondicionamento e dotación dun novo laboratorio (Lab. 12). Ambas melloras das infraestruturas figuraban como accións de mellora (AM-3) na memoria de calidade do curso 2017/18.

A Facultade de Bioloxía, que foi amplamente reformada e renovada (as obras finalizaron no ano 2013), conta con:

- 10 aulas para a docencia expositiva, de diferente capacidade: 91, 91, 93, 141, 58, 58, 75, 90, 75 e 50 postos.
- 1 aula de videoconferencia, con capacidade para 30 persoas.
- 5 aulas de seminario con mesas modulares (18, 18, 12, 16 e 14 postos).
- Aula Magna con capacidade para 230 persoas en butacas con mesas de escritura.
- Salón de graos, con capacidade para 70 persoas en butacas con mesas de escritura.
- Aula do edificio do CIBUS con capacidade para 35 persoas con mesas de escritura.

- 2 aulas de informática (24 postos cada unha) que contan cun computador por posto equipado cos programas necesarios para a realización das prácticas de computador, ademais de canón de vídeo e pantalla de proxección interactiva.

As aulas contan con encerado, conexión a rede, computador, canón de vídeo, pantalla de proxección e sistema de son e teñen excelente iluminación, natural e eléctrica. Na aula de videoconferencia, aula 5, aula CIBUS e na aula seminario 4 existen sistemas de videoconferencia completos.

A renovación dos computadores das aulas 1, 2, 3 e 4 e a adquisición de dous novos sistemas de videoconferencia foron o obxecto dunha das accións de mellora (AM-4) da memoria de calidade de curso 2017/18. No curso 2018/19 é necesario renovar os cañón de videoproxección das aulas 1, 3 e 4, e isto figurará, de acordo co proceso PS-02 *Xestión dos recursos materiais e servizos*, como unha das accións de mellora desta memoria.

Todas as aulas (de docencia e informática) contan con capacidade para 2 persoas con discapacidade motriz (a Aula Magna con 4 e as aulas seminario con 1 posto destas características) a maiores do exposto anteriormente. A aula 5 conta con rampla de acceso á tarima para discapacitados. O centro conta con ramplas de acceso, baños para minusválidos, ascensores e unha praza de aparcadoiro cuberta para persoas con discapacidade motriz, o que é completamente necesario nun clima como o de Santiago de Compostela. En definitiva o centro cumpre a normativa de accesibilidade universal e deseño para todos.

Existen un total de 10 laboratorios de prácticas dos que 9 están equipados (20, 20, 20, 20, 24, 24, 24, 24, 16, 16 postos) e estase a finalizar o acondicionamento do décimo. Os laboratorios contan cos equipos necesarios para realizar as prácticas incluídas na programación docente das diferentes materias. No curso 2018/19 inventariouse o material de prácticas de laboratorio e campo existente no Centro, e esta información está publicada na web do Centro.

No centro cúmprense as normativas de seguridade e hixiene, tanto nos espazos comúns como nos laboratorios onde as actividades xeran máis riscos. Os/as alumnos/as deben ler estas normas e asinar conforme a que as coñecen, así como a que se comprometen á súa aplicación, para poder realizar as prácticas (de campo e laboratorio).

Ademais, en edificios satélites ao carón da Facultade, temos un animalario/acuario e un invernadoiro, que están perfectamente equipados e dispoñibles para a docencia. Unha das accións de mellora do curso 2017/18 que foi parcialmente completada (AM-5) estaba relacionada coa mellora das infraestruturas do acuario.

O Centro conta cunha biblioteca excepcional de 1071 m² distribuídos en dous niveis e con capacidade para 269 postos de lectura e unha área de traballo en grupo (con capacidade para 20 persoas). Todos os postos dispoñen de enchufe para portátil e sistema de luz independente (aínda que conta cunha excelente iluminación natural). Os alumnos/as acceden directamente aos fondos bibliográficos e á hemeroteca. En canto aos fondos bibliográficos, o número de títulos da bibliografía recomendada nas guías docentes existentes na biblioteca é de 432 para o Grao en Bioloxía (representando o 99% do total), 55 títulos dos recomendados nas guías docentes do 1º curso do Grao en Biotecnoloxía (representando o 73% do total) e de 770 títulos (incluídos artigos publicados en revistas) dos recomendados nos títulos de Máster e que representan o 85,76%, o 88% e o 74% dos recomendados, respectivamente, nos Másters Universitarios de Neurociencia, Acuicultura. e Biodiversidade Terrestre; o total de títulos é de 22087 (sendo obviamente superior o número de exemplares con 28277 a 20/03/2020 dos que 9320 son do fondo de alumnos/as, 17519 do fondo de investigación e 1438 do fondo de teses e memorias de licenciatura). Destaca unha extensa colección de 789 mapas. Cóntanse do mesmo xeito con 10 computadores portátiles para préstamo dentro da biblioteca e 6 equipos de sobremesa. Esta información está dispoñible na web do Centro, no informe dos recursos bibliográficos.

Os alumnos/as teñen á súa disposición un local de alumnos/as de 71 m² con capacidade para 25 postos e equipado con microondas e neveira para que poidan comer no Centro. Tamén contan cunha sala de traballo en grupo de 82 m² e uns 20 postos.

Pola súa banda, o Instituto de Acuicultura, a 5 minutos da Facultade, pon a disposición do Máster Universitario en

Acuicultura as instalacións necesarias para complementar a docencia, incluíndo una aula de videoconferencia (con todo o equipamento necesario: equipo de videoconferencia, pizarra electrónica e sistema completo de audio e imaxe) con capacidade para 15 alumnos, e un laboratorio para as prácticas de varias das materias (con capacidade para 16 alumnos). O Instituto, ademais, pon a disposición dos alumnos do máster os máis de 30 volúmenes especializados adquiridos especialmente para este máster.

Ademais, como non podía ser menos, a Facultade de Bioloxía está comprometida co medio ambiente tratando de minimizar o consumo enerxético, e conta con sistemas de recollida selectiva de refugos como o papel, plásticos, CDs, etc.; así como dos produtos tóxicos empregados nos laboratorios. Anualmente realízase un simulacro de emerxencia e revísanse os plans de autoprotección en ambos edificios (CIBUS e Facultade).

Tanto o profesorado como o alumnado dos graos que se imparten na Facultade de Bioloxía están satisfeitos cos recursos materiais do centro. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2018/2019, o ítem "as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuados para o meu labor docente?" presenta unha valoración de 4,42 (sobre 5), superior á media dos centros da USC, para o profesorado do Grao de Bioloxía e de 3,17 (sobre 5) para o profesorado do Grao en Biotecnoloxía.

Na enquisa de satisfacción do alumnado do Grao de Bioloxía coa titulación, os ítems "as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?" e "os recursos educativos dispoñibles son axeitados?" presentan valoración de 3,33 e 3,26 (sobre 5) respectivamente, valores que son superiores á media dos da USC.

Finalmente os egresados do Grao en Bioloxía valoran con puntuacións superiores a 3,72 (sobre 5) os ítems da enquisa relacionados coas infraestruturas e os recursos e servizos, e en todos os casos os valores son superiores á media dos centros da USC.

Por outra banda, tanto docentes como estudantes contan co Campus Virtual da USC como recurso de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe, ferramenta que é moi ben valorada tanto por docentes (4,56 e 4,5 sobre 5 para o profesorado dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, respectivamente, na enquisa de satisfacción coa titulación) como polo alumnado (4,21 sobre 5 para o alumnado do Grao en Bioloxía, na enquisa de satisfacción coa titulación).

Respecto ao Máster Universitario en Neurociencia, as valoracións nas distintas enquisas mostran que os recursos/infraestruturas existentes son os adecuados para o número de estudantes e o tipo de docencia que se imparte. O grao de satisfacción do alumnado e profesorado cos recursos materiais e servizos (laboratorios, aulas de informática, salas de estudo e fondos bibliográficos) na USC é alto, e cando se comparan as enquisas do profesorado e do alumnado as valoracións son moi similares.

En relación cos seguintes ítems (1-5) da enquisa da USC,:

- "Os recursos educativos dispoñibles son os axeitados" foron valorados cun 4,1 polo profesorado e cun 4,0 polo alumnado.

- "As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuados para o desenvolvemento da labor docente" foi valorado cun 4,4 polo profesorado e cun 4,0 polo alumnado.

O grao de satisfacción do profesorado da UVigo cos recursos materiais e servizos é moi alto (4.4 sobre 5) e tamén o alumnado está satisfeito (3.67 sobre 5). Por outra parte, na UDC o grao de satisfacción do persoal académico cos recursos e servizos é elevado (6,67 sobre 7).

En relación co material e servizos de apoio a docencia existentes na USC o profesorado e o alumnado consideran que son axeitados (foron valorados cun 4,07 polo profesorado, e cun 4,06 polo alumnado). O grao de satisfacción do profesorado da UDC cos recursos e servizos tamén é altamente satisfactorio (6.67 sobre 7).

• Orientación académica**Grao en Bioloxía e Grao en Biotecnoloxía**

Como xa se comentou, para o alumnado de grao realizase unha "xornada de acollida" para os/as alumnos/as de primeiro curso e, para o alumnado de curso superiores (sobre todo de 2º e 3º curso) convocáronse reunións para informar sobre os programas de mobilidade, as prácticas externas e o sistema de adxudicación dos TFGs.

Ademais os/as coordinadores/as de todos os niveis, así como o profesorado en xeral, participan na orientación do alumnado sobre distintos aspectos, grazas ás boas relacións que, en xeral, se establecen nas aulas. No informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida o ítem relacionado coa actitude receptiva que facilita a comunicación do profesorado co alumnado ten unha valoración moi alta (4,18 e 3,93 sobre 5, no grao en Bioloxía e no de Biotecnoloxía, respectivamente).

O Centro promove e apoia a realización de distintas actividades, organizadas por distintos colectivos, para mellorar a orientación profesional do alumnado, como por exemplo as xornadas con novos investigadores en Bioloxía e conferencias impartidas por distintos profesionais de distintos campos. A difusión das actividades realízase a través do correo electrónico, pantallas electrónicas instaladas no Centro e redes sociais do Centro ([Facebook](#), [Instagram](#) e [Twitter](#)).

Máster Universitario en Acuicultura

Tamén se indicou antes que o Máster de Acuicultura realiza todos os anos, o primeiro día de clase, unha xuntanza para a orientación dos/as alumnos/as sobre o funcionamento do Máster, o modo da docencia expositiva mediante videoconferencia e desprazamento ás clases prácticas, así como para a descrición de todos os recursos docentes e de estudo dispoñibles. Asimesmo, antes do final do primeiro semestre, realízase outra reunión co fin de axudarlles coa elección das materias de especialidade, para a oportunidade de cambio de matrícula. Ademais, os estudantes de cada sede teñen como titor ó Coordinador Académico correspondente, que o seguirá ó longo de todo o curso. E, no segundo curso, é o Coordinador Interuniversitario o que fai de titor en todo o relacionado coas Prácticas en Empresa.

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

Como xa se comentou anteriormente, o MBio conta cun Plan de Acción Titorial que ten como obxectivos, entre outros, informar o alumnado sobre a planificación do máster, sobre as PE e o TFM, sobre programas de mobilidade, etc. Ademais, no marco deste PAT todos os alumnos matriculados contan cun titor que pode darlles orientación sobre saídas profesionais, etc.

Máster Universitario en Neurociencia.

Antes de comezar o Máster, como en cursos anteriores realizase unha presentación do título ao alumnado matriculado por parte dos coordinadores, pero como o prazo de matrícula nas tres universidades é moi amplo, unha parte do alumnado non asiste á xornada de presentación por matricularse con posterioridade á súa realización. Os/as egresados/as valoran cun 3,33 sobre 5 a información e apoio recibido nas actividades de acollida e presentación realizadas polo título, así como as infraestruturas e servizos dispoñibles e os recursos tecnolóxicos (Campus virtual, secretaria virtual e redes wifi...). Na UDC o profesorado considera que as actuacións que orientan aos estudantes de novo ingreso son as adecuadas (6,80 sobre 7).

En relación cos servizos de xestión académica na USC o alumnado está satisfeito cos tramites de matriculación (4.00 sobre 5), e tanto o profesorado (4.30 sobre 5) como o alumnado (4.00 sobre 5). Valora satisfactoriamente a atención recibida polo persoal de administración e servizos. Estes datos contrastan con algúns dos valores rexistrados nas enquisas dos egresados, cando estes tiveron que indicar a idoneidade (valoración 1-5) da Oficina de información universitaria e da Unidade de Xestión académica para obter información, as valoracións foron dun 1.67 e 2, respectivamente, o que contrasta coa valoracións feitas nos cursos anteriores (no curso 2017-18 as valoracións foron 4.20 (Oficina de información universitaria) e 4.0 (Unidade de xestión académica); e no curso 2016-17 tanto a Oficina de Información Universitaria como a Unidade de Xestión académica foron valoradas con 4.0). Por outra parte, en relación coa atención recibida na dirección do centro ou Decanato ante algunha reclamación, a valoración foi de 1.0 sobre 5 no curso 2018-19, mentres que no curso anterior a dirección do centro recibiu unha valoración de 4.50.

Estas valoracións nos chaman moito a atención, tendo en conta que non hai constancia na coordinación do máster dalgunha queixa/reclamación presentada na dirección do centro en relación co título, realmente as valoracións feitas polos egresados nos plantexa dúbidas en base a que criterios os egresados avalían a Oficina de información universitaria, a unidade de xestión académica, así como a dirección do centro, así como en relación ca obxectividade das valoracións.

• **Recursos materiais dos programas de prácticas externas**

Grao en Bioloxía

As instalacións onde se realizan as prácticas externas son adecuadas para a adquisición das competencias propostas e así o amosan as enquisas de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas que teñen unha valoración global de 4,52 sobre 5 puntos para o curso 2018/19 e o ítem relacionado coas instalación e medios materiais, que presenta unha valoración de 4,91 (sobre 5 para o curso 2018/19).

Máster Universitario en Acuicultura

Para as prácticas externas tense seleccionadas exclusivamente aquelas empresas que, pola súa solvencia e traxectoria teñen as instalacións, persoal, material e recursos requeridos para asegurar a correcta aprendizaxe dos alumnos que as elixan.

Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

No curso 2018/19 ningún estudante do MBio realizou PE o ser unha materia do 2º curso.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relativa aos aspectos fundamentais do centro e dos títulos que se imparten está recollida na páxina web institucional da USC e nas webs propias dos títulos, e pode consultarse nas seguintes ligazóns: [Facultade de Bioloxía](#), [Grao en Bioloxía](#), [Grao en Biotecnoloxía](#), [Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terreste](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#). A súa xestión desenvólvese segundo o proceso de soporte PS-06 *Información pública* do SGC do Centro, que permite garantir que se faga pública toda a información relevante das titulacións e que se revise e actualice periodicamente co fin de manter informados aos distintos grupos de interese.

A pesar das melloras introducidas nos últimos anos na páxina web, poderíase perfeccionar a súa estrutura para unha mellor visibilidade para todos os grupos de interese. Na actualidade os servizos de comunicación e informáticos da USC están traballando na reformulación da web institucional. Unha vez finalicen estes traballos os centros adaptaremos ás indicacións que se formulen.

A partir do curso 2017/2018 e, como resultado das recomendacións do Comité de Certificación, mellorouse a información pública sobre os procesos de calidade. Así a información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, Manuais do Sistema, Protocolos Propios, Memorias de Calidade), está publicada na páxina web do Centro, no sitio 'Calidade'. Para as cuestións que son xerais da Universidade (Procesos Institucionais, Resultados e Informes das Enquisas) a información pode ser consultada na web da ACMP da USC, principalmente nas seccións 'Sistemas de Garantía de Calidade' e 'Satisfacción dos grupos de interese'.

Ademais, a información relativa aos acordos da CCC, da Comisión de Docencia e das CT do Grao de Bioloxía e do Grao de Biotecnoloxía publícase na web da Facultade, no sitio 'A Facultade' – "Órganos de Goberno".

Por outra banda dende a Facultade utilízanse para a difusión os seguintes medios:

- Páxina web da Facultade.
- Páxinas web dos másteres xestionadas pola propia Facultade e os coordinadores dos mesmos, no caso dos coordinados pola USC.
- Pantallas informativas electrónicas instaladas nas entradas do Centro.
- Correo electrónico ao estudiantado, PDI, PAS para informar de convocatorias, prazos, charlas, conferencias, etc.
- Redes sociais (Facebook e en menor medida Twitter e Instagram).
- Reunións informativas (acto de presentación para o alumnado de primeiro, reunións informativas sobre mobilidade, elaboración de calendarios de clase e exames, información sobre programas de Prácticas Externas, Traballos Fin de Grao e bolsas de colaboración).
- Participación do profesorado mediante charlas informativas no Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".

No curso 2018/19, o alumnado do Grao en Bioloxía e o profesorado dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía valoran

positivamente a información pública dispoñible sobre a titulación. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, o alumnado do Grao en Bioloxía valora con 3,11 (sobre 5) o ítem "consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?" e o profesorado do Grao en Biotecnoloxía e do Grao en Bioloxía valora con 4,33 e 4,21 (sobre 5), respectivamente, o ítem "consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada?" da enquisa de satisfacción do PDI coa titulación. En todos os casos os valores do ítem son superiores á media da USC. Ademais a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (indicador IN23G) é de 3,07 sobre 5.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 52 de 84

3. Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir: OC-1. Preparar a elaboración dun novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía debido a finalización do actual			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: Novembro 2019	Data fin: Decembro 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualización da Política de Calidade e do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía		
Procesos clave relacionados	PE-01 <i>Planificación Estratéxica</i> , PE-02 <i>Revisión e mellora</i>		
Indicador/es de medición	Nº reunións da CCC	Meta a conseguir	Borrador do novo Plan Estratéxico
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1. Elaboración dun novo Plan Estratéxico: iniciar a discusión sobre as directrices a seguir		

Obxectivo a conseguir: OC-2. Reverificación da nova memoria do Grao en Bioloxía que inclúe as mencións de Bioloxía Biosanitaria e Bioloxía Ambiental			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: Novembro 2019	Data fin: Abril 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da oferta académica		
Procesos clave relacionados	PE-01 <i>Planificación Estratéxica</i> , PE-02 <i>Revisión e mellora</i> , PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i> , PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos procesos formativos</i> , PI-01 <i>Deseño, modificación e extinción dos programas</i>		
Indicador/es de medición	Reverificación da nova memoria do Grao en Bioloxía	Meta a conseguir	Implantación do novo grao no curso 2020/21
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-2.1 Reverificación da nova memoria do Grao en Bioloxía		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 53 de 84

	<p>AM-2.2 Adaptación da memoria do Dobre Grao Química-Bioloxía aos cambios da memoria do Grao de Bioloxía reverificada</p> <p>AM-2.3 Actualización das táboas de recoñecemento de créditos nos primeiros cursos do Grao en Bioloxía nas universidades do SUG</p>
--	--

Obxectivo a conseguir: OC-3. Establecementos de convenios para a realización de Prácticas Externas, e mellora dos convenios de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: Xaneiro 2020	Data fin: Setembro 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora dos programas formativos		
Procesos clave relacionados	PC-02 <i>Planificación das ensinanzas</i> , PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i>		
Indicador/es de medición	Nº de convenios de PE e Nº de prazas de intercambio	Meta a conseguir	Ter una oferta de PE e de mobilidade suficiente e atractiva para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía
Accións de mellora relacionadas (Código)	<p>AM-3.1 Establecemento de convenios de prácticas externas para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía</p> <p>AM-3.2 Incrementar o número de convenios de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía</p>		

Obxectivo a conseguir: OC-4. Mellorar a a captación de alumnado, e do seu perfil de ingreso, para os estudos de Grao que se imparten na Facultade de Bioloxía (Grao en Bioloxía e Grao en Biotecnoloxía)			
Responsable do obxectivo: Coordinadores dos Grao en Bioloxía e Biotecnoloxía		Data inicio: Novembro 2019	Data fin: Abril 2020

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 54 de 84

Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da información sobre os programas formativos do Centro		
Procesos clave relacionados	PE-01 <i>Planificación Estratéxica</i> , PC-01 <i>Análise do perfil de ingreso e captación</i> , PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos procesos formativos</i>		
